Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao mantemento dunha xuntanza co Comité de Empresa de Alu Ibérica da Coruña diante da denuncia polos traballadores do incumprimento pola empresa das condicións da venda da planta, a realización dalgunha análise ao respecto e a asunción do compromiso de tomar accións xudiciais, se é o caso

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 3976 (11/POC-000649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a diagnose que fai o Goberno galego da situación do sector da hostalaría en Galicia e, en concreto, da situación das restricións provocadas pola covid-19 e da súa repercusión económica, así como as medidas previstas para evitar o peche de empresas e a perda de postos de traballo no sector en Galicia e, en particular, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 3981 (11/POC-000650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos recentes contaxios de SARS-CoV-2 detectados no Complexo Hospitalario de Montecelo, en Pontevedra, o cumprimento no centro das normas de lim-



peza e desinfección e a substitución do persoal sanitario que ten que gardar corentena, así como a asunción pola xerencia do hospital dalgunha responsabilidade ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 3983 (11/POC-000651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á contratación dos seis profesores necesarios para garantir a docencia presencial no IES Antonio Fraguas, de Santiago de Compostela, así como a xestión levada a cabo en relación coa adaptación do centro ás normas establecidas respecto da covid-19

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3994 (11/POC-000652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á adaptación das instalacións do Conservatorio de Música Manuel Quiroga, de Pontevedra, ás necesidades educativas dun centro deste tipo e as súas previsións respecto da execución das obras precisas para garantir a correcta ventilación e a seguridade para a saúde no centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3995 (11/POC-000653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da compatibilidade da situación que está a vivir a comunidade educativa do Conservatorio de Música Manuel Quiroga, de Pontevedra, cunha actividade educativa segura para a saúde no centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3999 (11/POC-000654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Medio Rural do desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4001 (11/POC-000655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para o cumprimento da lexislación vixente en materia de recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais, a existencia dun plan específico de recuperación para as afectadas polos lumes de 2020 e, se é o caso, o seu contido, así como o orzamento que vai destinar para ese fin

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 4009 (11/POC-000656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación e capacidade asistencial a partir do mes de outubro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e dos hospitais comarcais de Valdeorras e Verín, así como os datos referidos á derivación de doentes destes hospitais cara a outros centros e a suspensión de intervencións non urxentes neles

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4013 (11/POC-000657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a supresión de máis liñas e modificacións no horario do tren Avant en Galicia e a valoración que fai das modificacións horarias aplicadas no ano 2020 entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, así como as actuacións levadas a cabo e as que vai desenvolver para o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4019 (11/POC-000658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación existente no Servizo de Gardacostas de Galicia, a valoración que fai do grao de cumprimento pola empresa Babcock España das cláusulas do contrato para a operación e o mantemento dos helicópteros e a súa opinión en relación coas melloras que supuxo a privatización do servizo, así como as súas previsións respecto da súa recuperación e xestión pública

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 4027 (11/POC-000659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as medidas concretas de carácter económico que vai adoptar o Goberno galego para afrontar a crise que está a sufrir o sector da hostalaría de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 4031 (11/POC-000660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade referidas á posta en marcha no ano 2021 dun novo plan específico de actuacións para reactivar o sector cultural, así como o mantemento de xuntanzas coas súas asociacións profesionais para traballar nas actuacións que se deben implementar nese ano

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 4037 (11/POC-000661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis



Sobre a opinión do Goberno galego referida á atención sanitaria que se está a prestar á veciñanza do concello de Touro, as súas previsións respecto da resolución dos problemas de espazo existentes no centro de saúde e a garantía do axeitado funcionamento do servizo de atención telefónica nese concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 4041 (11/POC-000662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o exercicio 2021 da partida orzamentaria necesaria para a ampliación das instalacións do Instituto Feiral de Vigo, co obxecto de permitir a realización con éxito da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados (Conxemar)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 4044 (11/POC-000663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre o contido das intervencións puntuais promovidas nos últimos anos pola Xunta de Galicia no santuario da Nosa Señora das Virtudes, na parroquia de Arante, no concello de Ribadeo, así como as actuacións previstas para mellorar a súa conservación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 4046 (11/POC-000664)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios que supoñerá para os gandeiros a implantación dun centro para o impulso da economía circular no eido da xestión dos residuos para a súa transformación e valorización en produtos de máxima calidade, así como as previsións ao respecto no que atinxe ao investimento e xeración de emprego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4048 (11/POC-000665)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 5 máis

Sobre a realización pola Consellería do Medio Rural dun estudo para a posible presentación de alegacións ao proxecto de real decreto polo que se establecen as normas para a nutrición dos solos agrarios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 4056 (11/POC-000666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a consideración polo Goberno galego dos resultados en Galicia no que se refire á loita contra a corrupción, así como a consideración pola Xunta de Galicia dos resultados referentes á protección



dos ecosistemas terrestres e a diversidade biolóxica e as actuacións levadas a cabo polo organismo interdepartamental encargado do seguimento dos obxectivos 2030

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 4058 (11/POC-000667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas establecidas na convocatoria deste ano 2020 de axudas ás entidades locais de Galicia para a creación de servizos lingüísticos e o desenvolvemento de dinamización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 4064 (11/POC-000668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 3 máis

Sobre a ampliación do polígono industrial de Bértoa, en Carballo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 4077 (11/POC-000670)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as medidas que van adoptar a Xunta de Galicia e a Consellería do Mar en relación coa contaminación das augas do río Eume e da súa marisma

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 3014 (11/POC-000475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para o cumprimento da lexislación vixente en materia de recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais, a existencia dalgún plan específico ao respecto para as zonas máis afectadas polos lumes do ano 2020 e o seu contido, así como os recursos orzamentarios que vai destinar para eses traballos

BOPG nº 31, do 15.10.2020

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 4002.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a utilización de estudantes de enfermaría para a realización de cribados da COVID-19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma xerada pola utilización de estudantxs de enfermería para realizar os cribados da Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o mércores 21 de outubro están a realizárense cribados nos campus das 3 universidades galegas para a detección de pacientes portadorxs asintomáticxs do virus SARS-CoV-2 entre xs estudantes universitarixs. Este cribado foi impulsado pola Xunta de Galiza e levarase a cabo mediante tests rápidos de dobre banda facilitados desde o propio Sergas, a pesar de que o material de protección necesario así como o acondicionamento dos espazos correu a conta das Universidades.

Segundo o anunciado polas universidades, estes tests serán realizados por estudantes de Enfermería en lugar de por profesionais tituladxs, ofrecéndoselle a cambio unha convalidación por horas de prácticas, o que supón unha eiva para estas estudantes,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que pasan a realizar tarefas de escaso labor formativo en lugar das prácticas estipuladas polo seu plan de estudos.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

– Por que utiliza a Xunta de Galiza a estudantes para a realización destes cribados e cal é a razón pola que o goberno galego non contrata a profesionais cualificadxs?

– Foi supervisado o alumnado durante a realización destas tarefas?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para recuperar a formación perdida destxs estudantes durante a realización do cribado?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/10/2020 10:24:33

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2020 10:24:44

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2020 10:25:23



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Borja Vereza Fraiz e Rubén Lorenzo Gómez abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O XXXI Cumio Ibérico, que reúne aos Gobernos de España e Portugal, tivo lugar o pasado 10 de outubro en Guarda na rexión Centro de Portugal.

Os xefes do Goberno de Portugal, António Costa, e España, Pedro Sánchez, encabezaron as dúas delegacións no decurso da reunión, que contou con dúas partes ben diferenciadas: na primeira, que decorreu pola mañá, a asistencia foi limitada aos ministros, encabezados polos xefes dos dous gobernos, e rematou cunha rolda de prensa conxunta de ámbolos dous mandatarios.

A segunda parte tivo lugar pola tarde e foi aberta a uns poucos invitados. Consistiu fundamentalmente na presentación das liñas xerais da Estratexia Común para o Desenvolvemento Transfronteirizo (ECDT), aprobada nesa mesma mañá, e que se centra en cinco eixos básicos: a mobilidade transfronteiriza; a melloría das infraestruturas e da conectividade territorial; a coordinación dos servizos básicos, como a saúde, a educación, os servizos sociais e a protección civil; o desenvolvemento económico e a innovación a coordinación en materia cultural

Para rematar, o Presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, e o Primeiro Ministro portugués, António Costa, resumiron os principais acordos do Cumio.

Dada a especial relevancia que as relacións con Portugal, en xeral, e a cooperación transfronteiriza, en particular, teñen na acción exterior da nosa Comunidade Autónoma, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta, para ser respondida en Comisión:

-En que medida participou a Xunta de Galicia no proceso de preparación do XXXI Cumio Ibérico de Guarda e como valora a Xunta de Galicia a *Estratexia Común para o Desenvolvemento Transfronteirizo (ECDT)* así como as conclusións do Cumio presentadas polos Gobernos de España e de Portugal ?



Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 15/10/2020 19:20:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2020 19:20:18

José Manuel Rey Varela na data 15/10/2020 19:20:27

María Sol Díaz Mouteira na data 15/10/2020 19:20:40

Diego Calvo Pouso na data 15/10/2020 19:20:54

Borja Vereza Fraiz na data 15/10/2020 19:21:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/10/2020 19:21:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Borja Vereá Fraiz e Rubén Lorenzo Gómez abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Os locais de ocio nocturno son na actualidade os únicos que permanecen pechados totalmente, tanto en Galicia coma no resto do país, debido ás restricións sanitarias. Así, pecharon durante o Estado de Alarma e non puideron volver abrir ata o 1 de xullo, cando reanudaron á súa actividade con restricións de capacidade. O 15 de agosto, mes e medio despois, tiveron que pechar de novo, debido á decisión tomada polo Ministerio de Sanidade, en coordinación coas comunidades autónomas, para frear a epidemia de coronavirus. Polo tanto, desde o 15 de agosto estes locais permanecen pechados, agás as terrazas, que a Xunta permitiu abrir o 11 de setembro, baixo determinadas condicións.

Tendo en conta estas circunstancias, resulta evidente que o sector está sendo especialmente afectado polos efectos da pandemia.

Froito desta anómala situación á que se viu avocado este sector, o Goberno Galego, preocupado das dificultades ás que se enfrontan, mantén un diálogo constante cos representantes do sector para escoitar as súas demandas e coa máxima colaboración para traballar na súa reactivación cumprindo as restricións sanitarias establecidas para frear a epidemia de coronavirus e, por tanto, en coordinación co comité clínico.



Debido a esta especial situación, o Grupo Parlamentario Popular presenta as seguintes pregunta, para ser respondidas en Comisión:

-Que accións e medidas está a desenvolver a Xunta de Galicia en relación aos graves perxucios que está a sufrir o sector do lecer nocturno en Galicia, froito das restriccións derivadas da COVID-19, para protexer ás empresas e traballadores deste sector?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 15/10/2020 19:30:45

José Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2020 19:30:56

José Manuel Rey Varela na data 15/10/2020 19:31:06

María Sol Díaz Mouteira na data 15/10/2020 19:31:22

Diego Calvo Pouso na data 15/10/2020 19:31:34

Borja Vereza Fraiz na data 15/10/2020 19:31:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/10/2020 19:32:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** relativa á carreira pedestre realizada na contorna do monte de Santa Tegra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego acaba de facer pública unha denuncia do desenvolvemento de prácticas deportivas gravemente atentatorias contra unha mostra protexida do patrimonio cultural galego como é o xacemento castrexo situado no monte de Santa Tegra, no concello pontevedrés da Guarda.

Este enclave é un dos sitios arqueolóxicos máis relevantes de Galiza, **Monumento Histórico Artístico Nacional** desde o ano 1931 que contén algunhas construcións que contan con **máis de 2.000 anos de antigüidade, e tamén declarado como Ben de Interese Cultural.**

A denuncia refírese á realización da VII edición do RAIL DO TREGA, unha carreira pedestre de 18,5 quilómetros, celebrada o pasado día 11 de outubro na contorna protexida antes mencionada.

Os participantes nesta carreira pedestre, uns 300 segundo as táboas da clasificación da proba, pisaron con desleixo absoluto e correron de forma irregular por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

riba das estruturas do xacemento arqueolóxico, tal e como recollen múltiples testemuños fotográficos.

Un evento deportivo, patrocinado polo Concello da Guarda e a Deputación de Pontevedra, que debe contar coa debida autorización da Dirección xeral de Patrimonio.

Asistimos a unha nova actuación de negligente desprezo contra o patrimonio cultural galego, nun espazo protexido, que xa ten sufrido agresións con anterioridade ao ter sido utilizados os seus recintos circulares como merendeiro de grupos de romeiros na popular Festa do Monte da localidade.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego o desenvolvemento desta carreira pedestre no espazo protexido do castro de Santa Tegra?
- Estabeleceu contacto a Xunta de Galiza coa entidade organizadora e as patrocinadoras para pedir explicacións sobre este atentado contra o patrimonio?
- Que medidas ten posto en práctica o goberno desde o coñecemento deste agravio contra o patrimonio cultural galego catalogado como BIC?
- Que accións se van pór en práctica desde a Xunta de Galiza para evitar que unha nova agresión se poida volver producir nesta contorna protexida?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2020 09:14:19

Daniel Castro García na data 16/10/2020 09:14:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/10/2020 09:14:33



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A atención sanitaria é un deles.

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde da Baña dá atención a 238 nenos e nenas de entre 0 e 14 anos (datos do INE de 2019) unicamente os martes e xoves de cada semana. Este servizo leva tempo atopándose con problemas debido a que as vacacións ou días libres da facultativa non son substituídas. Neste último período vacacional a solución que deron dende a Xunta de Galicia foi desviar os menores de 3 anos ao centro de saúde de Negreira, mentres que os maiores de idade eran atendidos polo médico de cabeceira, no que é claramente unha disfunción do servizo xa que non é ese o profesional que debía atendelos.

Ese servizo de pediatría está compartido co concello de Mazaricos (a 18 km), que atende os luns, mércores e venres, existindo aí tamén outra disfunción xa que o máis lóxico sería facelo con Negreira (7 km), non só por proximidade senón porque se atopa xa na ruta cara ao hospital de referencia, o Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, no caso de ter que acudir a este por unha urxencia.

Por outra banda, dende hai un tempo nese mesmo centro de saúde o servizo de matrona ampliouse aos sábados, reducíndose así o horario de atención da matrona durante a semana. Este cambio organizativo, non demandado pola poboación da Baña, obriga a manter o centro aberto na mañá dos sábados, co conseguinte incremento de custes de limpeza e subministros que ten que asumir o Concello. As usuarias dese servizo manteñen que prefiren asistir entre semana e por iso solicitan que se volva aos horarios anteriores de luns a venres.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como se vai garantir a axeitada cobertura pediátrica na Baña?



2ª) Vai o Sergas cubrir as ausencias da pediatra do Centro de Saúde da Baña?

3ª) Pensa aceptar a petición da veciñanza de compartir o pediatra co centro de saúde de Negreira en vez de co de Mazaricos?

4ª) Ten previsto o Sergas recuperar a atención de luns a venres durante toda a mañá do servizo de matrona do Centro de Saúde da Baña?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/10/2020 16:16:59

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 16:17:14

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 16:17:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á deficiente atención ao alumnado de 2º de Bacharelato confinado do IES Agra de Leborís, no concello da Laracha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Laracha está a presentar unha evolución na súa situación sanitaria moi preocupante nos últimos días, cun aumento exponencial no número de casos positivos por covid-19 confirmados, o que obrigou a Xunta de Galiza a incluílo no nivel tres no mapa de risco do seguimento da pandemia, o máis alto na escala da Consellaría de Sanidade.

O IES Agra de Leborís da Laracha está a ser un espello do que ocorre a nivel municipal, á vista da información que acaba de transcender.

A través da ANPA Manuel Murguía do IES Agra de Leborís coñecemos a situación en que se atopa o centro, gravemente afectado do punto de vista educativo e sanitario.

Logo dun comezo de curso que cualifica como caótico do punto de vista organizativo, en que alumnado e profesorado xa se viu sometido a cinco horarios lectivos diferentes, coas consecuencias que isto implica no desenvolvemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normalizado de cadanseu traballo docente e na evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, o pasado día 13 de outubro entregóuselles o último horario.

O día seguinte, o 14 de outubro, a raíz da confirmación de cinco casos positivos por covid-19 na aula de 2º de bacharelato, seguindo as indicacións do protocolo sanitario, a totalidade do alumnado deste grupo é confinado e, polo tanto, suspendida a asistencia ás aulas e interrompida a docencia.

Unha aula completa que, dous días despois, segue a esperar algunha comunicación sanitaria por parte do SERGAS, coas consecuencias que isto deriva a respecto da propia convivencia familiar, con casos de risco intrafamiliar convivencial incluídos.

A corentena preventiva que debe seguir o alumnado nas súas casas non é acompañada da imprescindible docencia telemática, ao recoñecer a propia dirección do instituto ao consello escolar de centro que este non conta cos medios técnicos necesarios para a docencia a distancia.

Unha falta de previsión inaceptábel neste curso escolar que está a prexudicar moi gravemente un nivel educativo de alta sensibilidade, pois da evolución e resultado académico deste curso en 2º de bacharelato depende, en boa media, o futuro formativo e laboral da promoción que non merece ver frustradas as súas expectativas pola incompetencia da xestión do centro nin da Administración.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É coñecedor o goberno galego desta situación gravemente prexudicial e discriminatoria para o alumnado de 2º de bacharelato do IES Agra de Leborís da Laracha?

- Considera o goberno galego que esta falta de previsión garante a igualdade de oportunidades para o alumnado confinado?

- Que medidas activou o goberno para reconducir esta situación e achegar solucións á comunidade educativa conducente a normalizar, na medida do posíbel, a docencia telemática para cando non sexa posíbel a presencial por razóns de seguridade sanitaria?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2020 12:18:21

Daniel Pérez López na data 16/10/2020 12:18:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 16/10/2020 12:18:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/10/2020 12:18:56



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Fiscalía Superior de Galicia vén de presentar a súa Memoria Anual correspondente ao pasado ano 2019, con datos moi preocupantes en canto a procesos por violencia machista e por delitos sexuais, cun incremento do 45% e do 51%, respectivamente. En total, foron 10.598 os procesos xudiciais por violencia machista en Galicia e 1.894 os procedementos incoados por delitos cometidos contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Das 3.462 cualificacións fiscais nas que derivaron os casos de violencia de xénero, o 43,9% foron por maltrato ocasional, o 26,1% por quebrantamento de medidas cautelares, o 10,7 % por maltrato habitual e o 8,3 % por ameazas. No referido a delitos sexuais, creceron tanto as agresións sexuais (+54,4 %) como os abusos (+63,1 %) e as violacións (+33,3 %).

Recentemente o presidente da Xunta de Galicia informaba de que xa se executara pouco máis da metade das medidas encomendadas polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o período 2018-2022. Nesa comparecencia, na que daba conta dun informe sobre a execución das accións do pacto de Estado, Alberto Núñez Feijóo poñía en valor múltiples accións levadas a cabo, case todas elas centradas na asistencia a mulleres vítimas e aos seus descendentes menores de idade, pero non na prevención, primeiro elo da cadea para rachar con esta violencia que afecta a milleiros de mulleres galegas.

En opinión do Grupo dos e das Socialistas de Galicia, diante das cifras achegadas pola Fiscalía Superior de Galicia semella que non son suficientes os esforzos dados en materia de prevención da violencia machista e por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Secretaría Xeral de Igualdade dos preocupantes datos da Memoria Anual da Fiscalía Superior de Galicia que apuntan un forte incremento dos procesos por violencia machista e delitos sexuais?



2ª) Cales son as accións concretas postas en marcha ou previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/10/2020 18:45:53

Paloma Castro Rey na data 16/10/2020 18:46:21

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 16/10/2020 18:46:35

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2020 18:47:07

Marina Ortega Otero na data 16/10/2020 18:47:50



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

As universidades do Sistema Universitario Galego levan meses realizando un esforzo inxente para garantir a seguridade de toda a súa comunidade no desenvolvemento do curso académico. Así o confirmaba o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, na sesión da Comisión 4ª do Parlamento de Galicia do 13 de outubro na que, a instancias dunha pregunta do Partido Popular, resaltaba a exemplaridade das universidades públicas galegas en todo o proceso.

Ao día seguinte, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciaba en rolda de prensa a realización de cribados nas residencias universitarias galegas, comezando polas de Santiago de Compostela. O anuncio destes cribados nas residencias responde, segundo o Goberno autonómico, ao aumento de contaxios entre o alumnado universitario tras o comezo do curso e apunta a este como a posible causa do incremento de casos de covid-19 en cidades como Santiago de Compostela.

Xa o xoves 15, o presidente da Xunta sinalaba os universitarios e as súas “condutas irresponsables” e anunciaban un cribado en todos os campus galegos, cun total de 50.000 test rápidos ao alumnado.

Certamente, esta falta de coherencia por parte do Goberno galego está a acrecentar a estigmatización á que asisten estas últimas semanas as universidades públicas galegas, que achegan datos que tampouco parecen sustentar a preocupación do Goberno galego: na Universidade da Coruña había o xoves 15 de outubro 8 positivos e un brote menor na de Vigo, mentres que a de Santiago contaba con 20 casos de positivos acumulados nunha semana en Santiago e 3 en Lugo.

As propias universidades denuncian que se culpe ao seu alumnado do empeoramento das cifras xerais nas cidades a causa de facer unha lectura equivocada dos datos de incidencia real. Insisten ademais en que a solución para tentar minimizar os contaxios entre a poboación máis nova debe facerse a través de campañas de concienciación e sensibilización.



Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) De que datos dispoñía a Consellaría de Sanidade para tomar a decisión de realizar cribados nas residencias universitarias galegas e posteriormente a todo o alumnado, unha vez iniciado o curso académico?

2ª) Ten previsto o Goberno galego realizar unha campaña de concienciación sobre a pandemia entre a mocidade?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/10/2020 12:45:55

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2020 12:46:09

Marina Ortega Otero na data 16/10/2020 12:46:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

As universidades do Sistema Universitario Galego levan meses realizando un esforzo inxente para garantir a seguridade de toda a súa comunidade no desenvolvemento do curso académico. Así o confirmaba o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, na sesión da Comisión 4ª do Parlamento de Galicia do 13 de outubro na que, a instancias dunha pregunta do Partido Popular, resaltaba a exemplaridade das universidades públicas galegas en todo o proceso.

Ao día seguinte, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, anunciaba en rolda de prensa a realización de cribados nas residencias universitarias galegas, comezando polas de Santiago de Compostela. O anuncio destes cribados nas residencias responde, segundo o Goberno autonómico, ao aumento de contaxios entre o alumnado universitario tras o comezo do curso e apunta a este como a posible causa do incremento de casos de covid-19 en cidades como Santiago de Compostela.

Xa o xoves 15, o presidente da Xunta sinalaba os universitarios e as súas “condutas irresponsables” e anunciaban un cribado en todos os campus galegos, cun total de 50.000 test rápidos ao alumnado.

Certamente, esta falta de coherencia por parte do Goberno galego está a acrecentar a estigmatización á que asisten estas últimas semanas as universidades públicas galegas, que achegan datos que tampouco parecen sustentar a preocupación do Goberno galego: na Universidade da Coruña había o xoves 15 de outubro 8 positivos e un brote menor na de Vigo, mentres que a de Santiago contaba con 20 casos de positivos acumulados nunha semana en Santiago e 3 en Lugo.

As propias universidades denuncian que se culpe ao seu alumnado do empeoramento das cifras xerais nas cidades a causa de facer unha lectura equivocada dos datos de incidencia real. Insisten ademais en que a solución para tentar minimizar os contaxios entre a poboación máis nova debe facerse a través de campañas de concienciación e sensibilización.



Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) De que datos dispoñía a Consellaría Cultura, Educación e Universidade para tomar a decisión de realizar cribados nas residencias universitarias galegas e posteriormente a todo o alumnado, unha vez iniciado o curso académico?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia realizar unha campaña de concienciación sobre a pandemia entre a mocidade?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/10/2020 12:43:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/10/2020 12:44:01



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

En múltiples ocasións a Comisión Permanente de Control da CRTVG ten debatido acerca da situación laboral do persoal da Corporación.

A CRTVG asiste dende hai anos a un proceso de inestabilidade e precariedade do seu persoal, existindo nos últimos 30 anos unicamente dous procesos de regularización laboral, en 1992 e en 2011. Esta situación sen dúbida incide nun maior deterioro dos medios públicos, que ven como cada día existen máis traballadores e traballadoras contratados en fraude de lei que só conseguen a estabilización do seu posto en procedementos xudiciais, o que supón para a Corporación un importante custo en indemnizacións que sufragamos todos os galegos e galegas.

O *Acordo de concertación do emprego público de Galicia* asinado o 15 de xaneiro de 2019 prevé mecanismos de estabilización e regularización do persoal, aplicable tamén á CRTVG. No seu artigo quinto o acordo di “estes procesos de estabilización poderanse desenvolver igualmente nos ámbitos das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas, consorcios e fundacións do sector público, axencias e autoridades independentes, para a estabilización das prazas ou postos de traballo que, respondendo a necesidades estruturais, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017, sempre que estivesen dotadas orzamentariamente de modo que a taxa de cobertura temporal destas prazas se sitúe ao final do período por debaixo do 7 %”.

O Senado vén de aprobar ademais por unanimidade unha moción en defensa dos empregados e empregadas públicos temporais en fraude de lei que advirte da necesidade de reducir a temporalidade nas administracións públicas, con especial atención na autonómica e local.

Diante desta situación, cunha contratación temporal na CRTVG que rolda o 40 % e cunha previsión de máis de cen xubilacións en tres anos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:



Ten previsto a CRTVG convocar este ano un proceso selectivo de persoal en aplicación do Acordo de *concertación do emprego público de Galicia* asinado o 15 de xaneiro de 2019?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/10/2020 19:18:51

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 16/10/2020 19:19:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa aos novos anticoagulantes orais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza son miles as persoas tratadas con anticoagulantes orais. Os anticoagulantes orais teñen a función de inhibir a acción da vitamina K, precisa para unha correcta coagulación do sangue. Son empregados co fin de diminuír a posibilidade de que se forme un coágulo, que posteriormente poida desprenderse e chegar por exemplo ao cerebro producindo o chamado ictus, trombose cerebral ou accidente cerebrovascular.

Dentro destes anticoagulantes o máis usado é o coñecido comercialmente como Sintrom (acenocumarol como principio activo). A administración deste fármaco require a monitorización dx doente, non se dan doses fixas de xeito prolongado, senón que hai que individualizada segundo o estado da coagulación en cada momento. Require da realización de análises periódicas, ao principio moi frecuentes e logo de estabilizada a coagulación realízanse cada mes.

O Sintrom, presenta importantes efectos secundarios e non resulta eficaz no 40% dxs doentes tratados. Ademais as persoas tratadas con este fármaco teñen que ter un control estrito tanto da dieta, xa que a modificación da mesma aumenta ou diminúe o aporte de vitamina K, e polo tanto fai preciso o axuste do anticoagulante, como a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

toma de outros fármacos, que interaccionan co Sintrom e poden descontrolar o tratamento.

Na actualidade existen alternativas ao Sintrom, unha nova xeración de anticoagulantes orais, seguros e eficaces, sen maior risco de sangrado, sen interaccións cos alimentos e con moitas menos interaccións medicamentosas, e que ademais evítanlle xs doentes ter que desprazarse cada mes para realizar o control da medicación, toda vez que son administrados en dose fixa e non precisa controis analíticos periódicos.

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade aprobou a inclusión na financiación pública destes anticoagulantes orais para a prevención do ictus en doentes con fibrilación auricular non valvular e enfermidade tromboembólica venosa.

Son evidentes as vantaxes que presentan estes novos anticoagulantes, e son moitos xs profesionais que defenden que os análises de custo-eficiencia destes fármacos cumpren cos requisitos esixidos para que sexa financiado na sanidade pública. A pesar disto o Sergas non ten xeneralizado a súa prescripción, establecendo limitacións, incluso en doentes con dificultades para manterse en rango. Todo indica que o Sergas ten establecido limitacións na prescripción dos novos anticoagulantes por criterios económicos.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a razón para que xs profesionais sanitarios non poidan prescribir libremente os coagulantes orais de última xeración, só tendo en conta a información científica independente e o beneficio para x doente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o Sergas non ten xeneralizado a prescrición dos anticoagulante orais de última xeración?
- Cal é a razón de establecer limitacións, incluso en doentes con dificultades para manterse en rango?
- Estanse aplicando os mesmos criterios en todas as xerencias para a autorización dos mesmos?
- Cal é o número de solicitudes que se teñen realizado nos últimos cinco anos? E o número de autorizacións?
- Cal é a porcentaxe de autorizacións en relación as solicitudes en cada xerencia do Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2020 09:58:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 19/10/2020 09:59:00

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2020 09:59:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Castro García, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á liña de ferrocarril Ferrol-Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Desde a finalización do estado de alarma, Renfe decidiu reducir os servizos do tren de cercanías Ferrol-Ortigueira e na liña Ferrol-Ribadeo-Ferrol nun 75% . Ademais, a compañía non estableceu unha data de recuperación dos servizos supeditando esta a un suposto aumento da demanda.

Co inicio do curso lectivo na Universidade, en secundaria e FP nos meses de setembro e outubro faise imprescindible contar cos servizos de tren que existían antes do estado de alarma, xa que tanto as actividades laborais como educativas precisan da mobilidade diaria das persoas. A este respecto hai que ter en conta que ao longo do percorrido desta liña de tren, concretamente entre Ortigueira e Ferrol, non existen servizos de transporte público por estrada.

2. A liña de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, antiga FEVE, vén sufrindo un continuo deterioro da infraestrutura, no material rodante e nos servizos, un deterioro que se manifestou ao longo da última década na supresión de frecuencias, na suspensión de servizos por deficiencias do material rodante ou falta de persoal, e en frecuentes accidentes que poñen de relevo o mal estado da liña. Para facer fronte a este deterioro e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

degradación do servizo, creouse a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol Ribadeo da que forman parte entidades sociais e concellos polos que pasa o trazado da vía férrea.

Como resultado das demandas e dos estudos realizados pola plataforma, no ano 2019 puxéronse en marcha algunhas melloras nas frecuencias da liña, especialmente nas cercanías Ferrol-Ortigueira. Unhas melloras que non só se viron eliminadas coa excusa da pandemia, senón que se agravou a situación coa supresión da maior parte dos servizos. Aínda que RENFE xustifica a eliminación pola baixada da demanda, a realidade é que este descenso está provocado pola mala calidade do servizo e a redución de frecuencias.

3. Os gobernos estatal e galego deben facer unha aposta decidida polo tren como medio de mobilidade sustentábel do século XXI, un medio que debe ser seguro, eficiente, cómodo e accesíbel, tanto para a mobilidade das persoas como para o transporte de mercadorías. E unha das liñas que precisa desta aposta decidida e deste compromiso é a que une Ferrol con Ribadeo, na que é necesario que tanto RENFE como ADIF acometan obras de mellora das infraestruturas da liña, eliminando as zonas de limitación temporais de velocidade, mantendo os puntos de cruce existente e proxectando outros novos, mellorando os apeadeiros e creando outros novos en zonas de interese turístico, e procedendo a limpar a vexetación do perímetro da vía.

Por outra parte, cómpre que se mellore o material rodante e que se dote con novos vehículos para evitar cancelacións do servizo, e que se dote a liña do persoal necesario, nas estacións e nos convois, para información, acceso, venda de billetes e control das persoas usuarias do tren. Asemade, cómpre dotar de persoal de conducción suficiente, para evitar supresións do servizo por este motivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro aspecto a ter en conta é a potenciación do transporte de mercadorías, claramente infrutilizado polo desinterese de RENFE e que pode ser unha alternativa sustentábel ao transporte por estrada. Neste ámbito cómpre ter en conta que esta liña férrea conecta a maior parte dos portos do Cantábrico, e que sen un grande investimento poderían construírse novas zonas de carga ao longo do percorrido, así como vías de carga na confluencia da liña coa factoría de Alcoa.

Por último, para o BNG é imprescindible que o goberno galego demande a transferencia a Galiza do tren convencional e dos servizos de cercanías e media distancia, creando a tal efecto o Ente Ferroviario Galego ou GALTRÉN, como organismo encargado da xestión dos citados servizos ferroviarios.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da liña ferroviaria de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, en canto ao estado da infraestrutura, calidade do servizo e dotación de medios humanos e materiais?

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado, nos últimos 8 anos, para demandar a mellora da citada liña e cales foron os resultados destas xestións?

- Que investimentos se produciron nestes anos como consecuencia das xestións da Xunta de Galiza?

- Como valora a Xunta de Galiza a supresión de servizos de tren no noso país coa escusa da pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado para demandar a reposición dos trens suprimidos?

- Defende o goberno galego a necesidade de transferencia a Galiza da xestión dos trens de media distancia e de cercanías, así como a proposta de creación do Ente Ferroviario Galego para levar a cabo a xestión deste servizo?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 10:19:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/10/2020 10:19:04

Daniel Castro García na data 19/10/2020 10:19:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/10/2020 10:19:29

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 10:19:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas de emerxencia declaradas pola Xunta de Galiza pola contaminación do río Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á vista da grave situación ambiental que nestes momentos está a sufrir a bacía do río Eume, derivadas da presenza de augas turbias, lodos e augas acedas, que condicionan e poñen en perigo a calidade das augas do ecosistema do Eume así coma o abastecemento para consumo humano. E tendo en conta que nestes momentos, segundo anuncio da propia Xunta de Galiza, estes feitos provocaron o pasado martes 13 de outubro a declaración da emerxencia e necesidade de adopción de medidas.

Dende o BNG consideramos que os tres entes con diferentes competencias na materia, Augas de Galicia, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza deben dar explicacións sobre o asunto, a efectos de achegar transparencia na información sobre as medidas de urxencia adoitadas.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que expedientes informativos ou sancionadores abriu o goberno galego sobre a situación do río Eume e que departamento ou departamentos o tramitan?
- Que medidas de emerxencia declarou a Xunta de Galiza?
- Contratou o goberno galego un Plan de emerxencia na vixilancia e recuperación ao respecto do estado de contaminación que sofre o Eume e a súa bacía?
- Que organismo contratou este plan?
- De ser o caso, que empresa resultou adxudicataria da contratación e cales son os criterios para a súa selección?
- Que outros contratos adxudicou ou prevé adxudicar a Xunta de Galiza en relación co estado de emerxencia do río Eume?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Ramón Fernández Alfonso
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/10/2020 10:40:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/10/2020 10:40:10

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 10:40:21

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 10:40:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre o anticipo do pago das axudas da PAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste ano 2020 moitas explotacións gandeiras foron sacudidas pola pandemia COVID-19 ao descender a actividade no terciario, fundamentalmente na restauración (canle "Horeca"), así como no sector hoteleiro e turístico.

É sabido que ao non manterse a demanda habitual, pero si a oferta, un sector que está a sufrir en carne viva, entre outros/as, é a gandería, xa que os animais que están en crecemento para a súa venda inmediata non tiveron saída, mentres había que seguir satisfacendo as súas necesidades de alimentación e mantemento.

A Xunta de Galiza vén tendo por costume pagar o primeiro tramo da PAC do ano en curso entre as CCAA que máis tarde pagan, cuestión que non ten xustificación dende o punto e hora en que estes fondos corren a cargo de Europa e, polo tanto, é diñeiro que non pon a propia comunidade, sendo esta simplemente intermediaria.

Por outra banda, tamén é sabido que de Europa vén un fondo de 24 millóns de euros para paliar en certa medida as penurias causadas pola COVID co fin de evitar o peche de moitas explotacións de carne dada a caída do prezo da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exposto o anterior vemos que, a sabendas de que o sector cárnico en xeral está a sufrir unha profunda crise derivada da situación epidemiolóxica que estamos a vivir, a Xunta de Galiza non procede aos pagos correspondentes ás axudas directas da PAC senón que tampouco implementa ningún sistema para axilizar os pagos relacionadas coas compensacións COVID.

É doado concluír que o que acontece é que as familias que viven desta actividade están a sufrir penurias económicas para manter o "stock" de produción dada a particularidade de que este estocaxe está vivo e isto significa que o sector se atopa en perigo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que feito diferencial económico ten Galiza con CCAA como Andalucía ou Castela-A Mancha e outras, para que alí se pague en outubro e aquí en decembro?

- Que acontece coas axudas directas COVID-19, en que fase está o proceso de tramitación administrativa? ¿Que organismo da Consellería de Medio Rural se vai encargar da súa execución, seguimento e control? ¿Cando pensan facelo público e cando teñen previsto facelo efectivo?

- Adolece a Consellería de Medio Rural e o FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) de falta de recursos e de medios humanos para a xestión coa axilidade debida destes fondos?

- Ao seu xuízo, pódese facer algo dende a Consellería de Medio Rural para remediar esta demora?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/10/2020 11:13:01

María González Albert na data 19/10/2020 11:13:04

María del Carmen Aira Díaz na data 19/10/2020 11:13:16



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No mes de abril deste ano, o Goberno galego iniciou a licitación das obras do Hospital Gran Montecelo, cunha inversión de 114,6 millóns de euros, pola construción dun novo edificio que duplicará a superficie do actual complexo sanitario de Pontevedra, que dá asistencia a unha área de 300.000 habitantes repartidos en 36 concellos.

A súa construción dotará a Pontevedra dun hospital único unha década despois de que o Goberno da Xunta de Galicia prometera dotar a cidade do Lérez dun equipamento deste tipo.

Tras este anuncio e segundo manifestou o Goberno galego, tanto a Federación Galega da Construción como a Asociación de Construtores de Pontevedra, solicitaron que se ampliase o prazo de presentación de ofertas, argumentando a gran envergadura e complexidade técnica da obra, ademais da situación producida pola pandemia do covid-19.

A Administración autonómica ampliou o prazo para a presentación de ofertas ao 13 de xullo. Transcorrido ese prazo, só unha empresa, a UTE Acciona-Veolia, presentara unha oferta ao concurso.

A Xunta de Galicia, xustificou esta ausencia de empresas concorrentes, manifestando, que se trata dunha situación anómala e que é necesario reiniciar o procedemento para garantir a viabilidade da actuación e asegurar coa ampliación do Hospital de Pontevedra realizarse nos prazos estipulados e sen incidencias.

Tras isto, celebrouse unha xuntanza, no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Campolongo, entre os representantes da Xunta de Galicia, e os representantes da Federación Galega da Construción e a Asociación de Construtores de Pontevedra.

Estes últimos, tras manifestarlles algunhas consideracións, pedíronlle aos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Sanidade, a



revisión do proxecto licitado, por considerar que hai cuestións da licitación que fan inviable a execución das obras.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación actual na que se atopa o proxecto?
2. Vai a Xunta de Galicia materializar unha nova licitación antes de que acabe o 2020?
3. Vai a Xunta de Galicia a ter en conta as consideracións efectuadas pola Federación Galega da Construción e a Asociación de Construtores de Pontevedra, e revisar o proxecto licitado?
4. Vai esixir a Xunta de Galicia á empresa encargada do proxecto algunha contraprestación para mitigar os danos e prexuízos causado, pola inexactitude ou a falla de viabilidade do proxecto?
5. Como xustifica a Xunta de Galicia que unha soa empresa optara á licitación dunha obra pública destas características?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/10/2020 11:51:11

Julio Torrado Quintela na data 19/10/2020 11:51:18

Marina Ortega Otero na data 19/10/2020 11:51:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** relativa ás demandas de atención educativa e adecuación ao protocolo covid das familias do CEIP Isidro Parga Pondal de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias do alumnado de 2º A de Educación primaria do CEIP Isidro Parga Pondal de Oleiros (A Coruña), logo de manteren reunións presenciais no centro o pasado 29 de setembro. confirmaron unha serie de problemas ou deficiencias que cualificaron como graves ou moi graves e que xa fixeron chegar á inspección educativa.

En primeiro lugar, a atención á diversidade e o trato igualitario e non discriminatorio do alumnado evidénciase como claramente insuficiente, pois existen casos aos que non se lle están prestando os recursos e apoios que corresponden, segundo o establecido no artigo 5.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha situación que se ve agravada coa perda, neste comezo de curso, dunha praza de especialista en audición e linguaxe, así como unha incompleta atención por parte da única coidadora de que dispón o centro, compartida entre todo o alumnado que require o seus servizos e sen horario asignado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, conséntase que non é posible cumprir cos requisitos mínimos para a correcta integración de todo o alumnado, así como o dereito de todos/as os/as nenos/as a unha educación axeitada consonte as súas necesidades e capacidades.

A infradotación de profesionais especialistas para a atención das necesidades educativas específicas, xunto á discontinuidade na xefatura do departamento de orientación do centro e polo tanto falta de seguimento e identificación das NEAE que poidan existir na aula, acrecentan as dificultades para garantir a seguridade, educación e dignidade da totalidade do alumnado.

Un orientador no curso 16-17. Outra orientadora diferente nos cursos 17-19. Unha orientadora substituta no curso 19-20 e outra orientadora dende o pasado mes de setembro, que previsibelmente volva mudar nalgúns semanas, non semella o marco adecuado para facer un seguimento pedagóxico de éxito.

Unha realidade moi preocupante, herdada do pasado, que as familias xa demandaron en senllos escritos dirixidos á inspección educativa desde o mes de xaneiro de 2020 e aos que nunca se lles deu resposta desde a Administración competente, o que denota cando menos falta de interese e non asunción de responsabilidade.

Esta situación, xa de seu grave, vese empeorada na actual conxuntura de emerxencia sanitaria provocada pola pandemia do Covid-19, ao comprobaren as familias deste grupo de 2ºA a falta de translación das medidas detalladas no protocolo de adaptación publicado na páxina web do centro e a insuficiencia das medidas adoptadas para ofrecer un nivel de seguridade aceptable nas actividades cotiás na aula.

Desde a falta de espazo para manter a mínima distancia de seguridade necesaria na situación actual de pandemia, até o emprego de mobiliario inadecuado, que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumpre cos requisitos básicos (o alumnado está en parellas e sen espazo de separación) e unha ventilación insuficiente.

O esforzo do titor por manter o máximo posible a distancia de seguridade entre o alumnado (aínda que insuficiente) e as demais medidas de seguridade impide a atención que merecen as necesidades individuais de cada neno/a, xa que xenera falta de mobilidade do profesorado entre as mesas, provoca unha excesiva distancia cara a pizarra e pantalla nos últimos postos da aula, etc.

Por último, cómpre reseñar que, canto á rotación do profesorado no grupo, se confirmou que o número de docentes que imparten docencia nesa aula é de 7, rachándose así a recomendación protocolar da propia Consellería que recolle: “Recoméndase a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables para reducir contactos.”

Todo o descrito leva a unha situación de desamparo e vulnerabilidade á totalidade do alumnado ante a imposibilidade de que as súas necesidades persoais, sociais, emocionais, académicas, sexan cubertas. Agravándose especialmente no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e minorando a capacidade de detección e tratamento de casos, dada a falta de persoal e recursos axeitados, así como a enorme rotación de profesorado que racha con todo tipo de rutinas e dificulta sobremaneira a capacidade de xerar relacións de apego e confianza cos mesmos.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É coñecedor o goberno da Xunta de Galiza desta realidade descrita polas familias de 2ª de educación primaria do CEIP Isidro Parga Pindal de Oleiros (A Coruña)?

- Que valoración fai da realidade descrita e contrastada polas familias?

- Que actuacións se compromete a activar á maior brevidade posíbel atendendo á urxencia sanitaria e educativa que se presenta neste centro educativo público cuxas competencias son exclusivas da Consellaría de Educación?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/10/2020 12:01:39

Daniel Castro García na data 19/10/2020 12:01:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/10/2020 12:01:52



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O día 17 de xuño de 2020 publicouse o Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo Covid-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento.

Esta medida excepcional ditouse considerando o papel excepcionalmente relevante que desempeñan as comunidades autónomas na prestación de servizos públicos fundamentais como a educación, os servizos sociais e a sanidade, considerando, ademais, que precisamente as comunidades autónomas, ademais de afrontaren incrementos de gastos nas súas contas como consecuencia da pandemia, fano ante un freo na actividade económica, que vai supor previsiblemente unha significativa diminución dos recursos dispoñibles para dar cobertura a estes servizos públicos.

Esta norma, e con respecto á distribución do Fondo COVID-19 entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, determina que se fará por tramos establecendo o tramo 3 que se dota con 2.000.000.000 € asociados ao gasto en educación.

O día 2 de setembro de 2020 publícase a Orde HAC/809/2020, do 1 de setembro, pola que se determina a contía da distribución definitiva entre as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla dos recursos previstos na letra c) do apartado 2 do artigo 2 da Real Decreto-lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo COVID-19 e establécense as regras relativas á súa distribución e libramento, no que a Galicia lle corresponden 92.987.530 €.

Dende o Goberno do Estado, concretamente dende o Ministerio de Educación e Formación Profesional, e respectando a capacidade dos gobernos das comunidades autónomas para a utilización deses fondos, fíxose fincapé en que os correspondentes a ese tramo 3 teñen como finalidade os gastos educativos, poñendo como exemplo a contratación de profesorado, a habilitación de novos espazos ou outras necesidades ás que se debese facer fronte.



Por parte do Sr. presidente da Xunta de Galicia se pediu liberdade para dedicar eses fondos ao que o Goberno galego considerase co argumento, segundo se recolle en diversos medios, de que *"O que pretendemos é que nos deixen tomar a decisión, que somos maiores de idade, de para que programas destinamos os fondos"*.

Parece polo tanto moi pertinente que o Goberno galego informe de que cantidade e que conceptos dedicou a Xunta de Galicia aos fondos os que nos estamos a referir.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que cantidade dos 92.987.530 € recibidos do Goberno do Estado se dedicou exclusivamente a gastos educativos?

2ª) Cantos profesores se contrataron con cargo a eses fondos en centros públicos?

3ª) Cantos profesores se contrataron con cargo a eses fondos en centros concertados?

4ª) Que outros gastos se fixeron con cargo a eses fondos e en que conceptos?

5ª) Que cantidade se destinou a gastos relacionados cos centros públicos?

6ª) Que cantidade se destinou a gastos relacionados cos centros concertados?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/10/2020 12:53:30

Noa Susana Díaz Varela na data 19/10/2020 12:53:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a UCI de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da COVID-19 veu a facer visibles moitas das carencias que vimos padecendo desde fai tempo na sanidade pública galega. Mostra disto é a situación da Unidade de Coidados Críticos de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela, que está a experimentar unhas circunstancias dramáticas. A infraestrutura deste servizo, que xa se vía insuficiente previamente á irrupción da pandemia, móstrase extremadamente precaria para afrontar a situación actual. Son varias as denuncias feitas polo persoal deste servizo atendendo tanto ás infraestruturas da Unidade coma ás súas condicións laborais.

A inexistencia de cubículos pechados que permitan illar a pacientes con risco infeccioso converte a unidade nun espazo completamente “sucio” ao non contar con barreiras que eviten a diseminación de aerosois e poñendo así a todos os pacientes hospitalizados baixo risco de infección.

Do mesmo xeito, a situación do persoal tamén é precaria ao non contar con medidas organizativas claras e precisas que o obrigan estar sometido a unha constante mobilidade entre diversas áreas de críticos sen atender ao estado infeccioso dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pacientes hospitalizados en cada unidade, co conseguinte risco de diseminación da infección. Tamén se denuncian falta de protocolos de Prevención de Riscos Laborais así como incrementos importantes nas quedas de traballo sen o dereito a descansos regulamentados.

Esta situación foi denunciada en numerosas ocasións polos diferentes profesionais deste servizo, chegando a asinarse un acordo coa Xerencia da Área Sanitaria para a realización de obras de mellora durante o período estival, mais aínda non se comezou ningún aspecto destas reformas. Neste escrito tamén se acordan melloras nos criterios de mobilidade de persoal e compensacións económicas pola situación de exposición á COVID-19 que están sen culminar.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente o goberno galego da situación que atravesamos a UCI de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela?
- Cal é a razón pola que o goberno galego non realizou as obras de mellora do servizo xa acordadas no prazo estipulado?
- Que medidas ten contempladas para garantir os dereitos laborais das traballadoras atendendo ás súas demandas específicas?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/10/2020 12:58:20

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2020 12:58:32

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2020 12:58:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o abastecemento de auga potable no concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos os veciños e veciñas de A Merca veñen sufrindo severas restricións no consumo de auga domiciliaria. Inicialmente as restricións eran de carácter temporal, mais dende maio de 2020 son de carácter permanente. Así, dende o mes de maio a veciñanza de A Merca, en Ourense, carece do servizo municipal de auga potable coa que poder beber ou mesmo cociñar, pois na auga do servizo municipal detectouse unha concentración de trihalometanos que constitúe un risco para o consumo humano.

A situación descrita foi mesmo constatada polas autoridades locais, se ben a única solución posta en práctica foi a distribución de garrafas de auga entre a poboación, a cal segue sen poder beber ou cociñar coa auga do abastecemento domiciliaria.

Malia que os veciños e veciñas de A Merca carecen do servizo de abastecemento de auga potable, sigue a esixírselles o pagamento do canón da auga, mesmo en contía moito superior á de exercicios anteriores. É dicir, non só se lles está a reclamar dende a Administración Pública, e os veciños e veciñas están a pagar, un canon por un servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non reciben, senón que para colmo nos últimos meses -co servizo xa interrompido- subiuse o importe do recibo da auga.

Alén do anterior, no mes de xullo constatouse a presenza de substancias herbicidas nos terreos nos que se ubican un dos depósitos municipais da rede de abastecemento domiciliario de auga potable o que, por si propio, xa implica un evidente risco para a saúde da poboación, máxime tendo en conta o estado de deterioro no que se atopan os depósitos sinalados.

Ademais do anterior, e como indicabamos constatado a auga da rede de abastecemento non é apta para o consumo humano -o que foi comunicado dende a alcaldía, non o está que de xeito insuficiente-; non existe constancia da potabilidade da auga das fontes públicas o que, dado que seguen abertas- constitúen un perigo para a veciñanza do concello que pola situación que esta a sufrir vese na necesidade de procurarse por si propio a auga para de consumo e uso diario.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é o resultado das analíticas realizadas na rede de abastecemento público domiciliario no Concello de A Merca nos anos 2018, 2019 e 2020?
- Os resultados das analíticas, no seu caso, realizadas nos anos 2018, 2019 e 2020 permiten acreditar a aptitude das augas para o consumo humano?
- Cal é a razón da excesiva concentración de trihalometanos na rede de abastecemento de auga domiciliaria no concello de A Merca?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir a prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable?

- Considera procedente que se estea a reclamar e recadar, mesmo en contías superiores a exercicios precedentes, o canon polo abastecemento de auga? Ten o Goberno Galego previsto a devolución, total ou parcial, do percibido?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/10/2020 14:29:21

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 14:29:31

Paulo Ríos Santomé na data 19/10/2020 14:29:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2020 14:29:46

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 14:29:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os continuados cheiros nos terreos das antiga explotación mineira de Touro pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas de contaminación da mina de Touro véñense arrastrando dende hai décadas e supoñen o maior problema ambiental que sofre o concello, coa contaminación dos terreos e dos ríos e regatos. A esta contaminación sumouse a derivada da actividade de xestión de residuos que dende o ano 2003 se esta desenvolvendo nos terreos das antiga explotación mineira pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

Esta nova actividade, lonxe de servir para recuperar e rexenerar os terreos, como era un dos seus obxectivos iniciais, supuxo que este espazo se convertese en realidade nun macrovertedoiro que sumou un novo problema ambiental moi grave derivado da mala praxe na actividade de xestión de residuos e do depósito de grandes cantidades destes nas entulleiras da antiga mina que realiza esta empresa, que provocan episodios continuos de pestilencia que alcanza aos núcleos de poboación do entorno.

Este problema vense sufrindo desde que TEN iniciou a actividade e, lonxe de se arranxar, agrávase por momentos sometendo aos veciños dos lugares máis próximos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha situación que en determinados momentos e segundo as condicións climáticas e a dirección do vento faise insostible. A intensidade dos olores xera, non só un problema ambiental, senón un problema de calidade de vida e de risco para a saúde dos veciños e veciñas.

A actividade da empresa está provocando un descenso da calidade de vida de toda a poboación afectada, especialmente das parroquias de Loxo e Fonte Díaz (Touro) e Cebreiro (O Pino), xa que a mala xestión dos residuos e a conversión dos terreos da antiga mina nun inmenso vertedoiro, sen que haxa control, nin das cantidades nin dos tipos de refugallos que alí se depositan, imposibilitan que poidan desenvolver unha vida normal.

O BNG leva denunciado en innumerables ocasións esta situación desde que se iniciou a actividade con mocións no Parlamento español, no Parlamento galego, no concello de Touro, con reunións con veciños/as e recollida de sinaturas, con denuncias ao Seprona, etc.

O goberno municipal, se ben reconece o problema, nunca o considerou de primeira orde e nunca tomou a iniciativa de maneira enérxica e decidida, como para esixirlle á empresa o cumprimento das condicións que se contemplan na Avaliación Ambiental Integral (AAI) nin á Xunta a súa función de inspección sobre as súas actividades.

A A.A.I., outorgada o 8 de xullo de 2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, establece unha serie de condicionantes referidos aos cheiros, tal e como a realización de olfatometría dinámica por unha entidade acreditada pola ENAC e, en función dos resultados desta, levar a cabo todas as accións necesarias para diminuír a xeración de olores e un plan de vixilancia e control de olores. Así mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propón unha serie de melloras técnicas dispoñibles para evitar os malos olores nos núcleos de poboación.

Por outra banda na AAI tamén se contempla a revisión das condicións recollidas na mesma unha vez pasados catro anos dende as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Vemos por tanto que non se están a cumprir as condicións que se impuxeron na autorización que no seu momento outorgou a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e que as administracións que tiñan que velar para que se cumprisen tampouco desempeñaron o seu cometido.

Nin sequera a empresa cumpre coas súas propias obrigas e recomendacións. No seu informe anual de 2018 recoñece que non se realizaron tódalas accións recollidas no plan de melloras (ampliación da superficie cuberta, implantación sistema aireación ou recubrimento do parque de tecnosolos, sistema de regos en vias...).

Propón tamén que cando se detecte un episodio de olor estableceranse as medidas correctoras que o reduzan e o eliminen nun corto espazo de tempo, o que evidentemente non se cumpre segundo se desprende dos propios datos que o citado informe recolle. Neste informe referido ao control de olores dos anos 2015 e 2017 constátase que a concentración dos mesmos do ano 2017 aumentou en catro dos cinco puntos mostrados respecto ao ano 2015.

Tamén se observa o mesmo no libro-rexistro de olores onde entre abril de 2017 e xaneiro de 2018 se rexistran continuos episodios de malos cheiros en Loxo e Touro, moitos deles de varias horas de duración.

Episodios de fedores que continúan ano tras ano, especialmente intensos nos meses de verán, derivados das altas temperaturas e da dirección dos ventos dominantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e que supoñen xa non só un problema ambiental, senón tamén un problema de saúde pública dada a intensidade, duración e pestilencia.

É evidente que ningunha actividade empresarial pode provocar un problema ambiental e de saúde pública tan severo e continuado, e que se por parte da empresa non se procede ao cumprimento de todas e cada unha das condicións da súa autorización, deben ser as administracións públicas as que actúen. O Concello como administración máis achegada e afectada no seu labor de vixilancia, e a Xunta de Galiza na súa función de control e de capacidade coercitiva para coa empresa.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- É coñecedor o goberno galego da existencia de fedores pestilentes que emanan da mina de Touro e da empresa TEN?
- Ten feito algunha inspección e tomado algunha medida ao respecto?
- Cales foron as modificacións recentes da AAI da empresa TEN?
- Tense feito por parte do goberno galego algunha olfatometría en períodos de cheiros pestilentes nas poboacións afectadas polo problema?
- Ten previsto o goberno galego instalar estacións de calidade do aire nas zonas de maior episodios de olores?
- Que tipos de control dos depósitos de tecnosolos que se están a realizar polas entulleiras se teñen feito de parte do goberno galego para verificar que estes cumpren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas condicións recollidas na Instrución Técnica de Residuos (ITR 01/08) da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental referente a elaboración de Tecnosolos?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/10/2020 12:03:33

María del Carmen Aira Díaz na data 20/10/2020 12:03:38

María González Albert na data 20/10/2020 12:03:52



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A OMS xa advertía fai uns meses da posibilidade dunha segunda ola da pandemia máis dura durante os meses de Outubro e Novembro, os datos das últimas semanas, en todo o mundo e tamén en Galicia, confirman o prognóstico.

Hoxe Feijóo, na liña do manifestado hai uns días o conselleiro de Sanidade, atribuíu a responsabilidade do crecente número de contaxios en Galicia, á mocidade, manifestando: "*Comportamentos irresponsables producen mortes*".

O presidente puxo o foco nas festas universitarias e lembrou á mocidade que deben velar pola "vida" dos seus pais e avós.

Asemade, lembrou que, se fai unhas semanas se advertía de "comportamentos illados irresponsables", agora non só lamenta que "sigan" senón que tamén pode constatar unha evolución "negativa".

Preguntado por si o que está a fallar para a evolución da covid-19 en Galicia é a actitude da mocidade, Feijóo, manifestou que as condicións físicas deste colectivo poden favorecer que a enfermidade se pase de forma asintomática ou con carácter leve, o que provoca que pareza que non se contaxia.

E recalcou que "a prioridade" da xente nova é preservar a saúde e a vida dos seus pais e avós, para os que podería ter consecuencias fatais sufrir o virus.

Esta actitude do Goberno galego está a acrecentar a estigmatización á que asisten estas últimas semanas as universidades públicas galegas, que achegan datos que tampouco parecen sustentar a preocupación do Goberno galego: na Universidade da Coruña hai 8 positivos e un brote na de Vigo, mentres que a de Santiago conta con 20 casos de positivos acumulados nunha semana en Santiago e 3 en Lugo.

As propias universidades denuncian que se culpe ao seu alumnado do empeoramento das cifras xerais nas cidades a causa de facer unha lectura



equivocada dos datos de incidencia real, xa que por exemplo, por áreas sanitarias, a de Ourense, Verín e O Barco continúa sendo as que máis novos positivos diarios por covid-19 detectan.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entendemos e compartimos a chamada á responsabilidade da poboación, como unha das medidas fundamentais para frear os contaxios pero condenamos esta estigmatización da mocidade.

E entendemos que a solución para tentar minimizar os contaxios entre a poboación máis nova debe facerse a través de campañas de concienciación e sensibilización, non sinalando e culpabilizando.

Feijóo leva dende o inicio da pandemia delegando responsabilidades, no mes de marzo foi o Goberno central, durante o verán os concellos, agora tócalle á mocidade. Nos preguntámonos para cando a asunción dos erros e a responsabilidades por unha deficiente xestión?

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree o Goberno galego que os repuntes de contaxios nestes últimos días débese á actitude dos e das universitarias?
2. Que datos ten para atribuír á mocidade os novos gromos de covid-19?
3. Cales son as cidades onde os índices de contaxio son máis elevados?
4. Vai a levar a cabo a Xunta de Galicia algunha campaña de sensibilización dirixida á mocidade?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/10/2020 11:13:06

Julio Torrado Quintela na data 20/10/2020 11:13:14

Marina Ortega Otero na data 20/10/2020 11:13:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do servizo de matronas na Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As matronas de Atención Primaria supoñen un servizo moi importante para a saúde das mulleres porque prestan atención a procesos tan relevantes como a educación afectivo-sexual, a atención ao embarazo, o parto e o postparto, á lactancia, á anticoncepción, ou á menopausa; ademais de resultar un apoio imprescindible á consulta xinecolóxica ao ser actualmente quen realizan as revisións de saúde.

Na Galiza contamos cun número de matronas por habitante verdadeiramente moi escaso: no noso país situámonos en 1,2 matronas por cada 10.000 habitantes, fronte ás 2,4/10.000 matronas que teñen en comunidades coma Euskadi ou Navarra ou as 2,9/10.000 de Cantabria. Actualmente, o servizo estase a centralizar en centros de saúde máis grandes, obrigando ás mulleres de concellos cun menor número de habitantes a desprazarse para ter acceso a este servizo. Este é o caso, por exemplo, do Servizo de Atención Primaria de Ordes, que centraliza a atención das pacientes dos concellos de Frades, Tordoia, Trazo, Mesía, e o propio Ordes e que, a pesar de contar con 3 matronas asignadas a este SAP (Ordes, Tordoia e Mesía), na práctica conséntase que as pacientes están sendo maioritariamente redireccionadas á profesional de Ordes. Isto déixanos cun servizo, que non só conta cun número de profesionais moito inferior ó axeitado con respecto ás usuarias do mesmo, senón que ademais se limita a súa accesibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación das matronas de Atención Primaria nestes momentos na comarca de Ordes?

– Que medidas ten previstas o goberno galego para incrementar o número de profesionais activas?

– Ten algunha medida prevista para garantir unha asistencia universal e de proximidade?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/10/2020 13:11:38

María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2020 13:11:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2020 13:11:52



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Recentemente vén de celebrarse unha reunión das 10 comunidades e cidades autónomas con competencia na xestión da Rede Natura 2000 Marina, co secretario de Estado de Medio Ambiente, dentro do proxecto *LIFE INTEMARES*.

Nesa reunión o Goberno de España reafirmou o seu compromiso de acadar o 30 % de áreas mariñas protexidas no ano 2030, sendo imprescindible para iso a coordinación interadministrativa e a implicación nas actuacións conxuntas de conservación mariña.

En tan só uns anos España pasou de protexer menos do 1 % da superficie mariña a máis do 12 % actual.

Cabe recordar o valor do interés estratéxico da conservación mariña nun marco de recuperación verde. E esta transición ecolóxica e xusta ofrece tamén grandes oportunidades e grandes retos no mar.

É preciso que España siga avanzado cara a unha maior protección mariña, e nese eido a colaboración das comunidades e cidades autónomas é fundamental. Sendo o próximo reto o de conquistar o 30 % en 2030 de AMP, tal e como marca a Estratexia de Biodiversidade 2030 da UE e a Declaración de Emerxencia Climática do Goberno de España. Por iso é preciso fortalecer a rede de espazos mariños protexidos e lograr que estea ben xestionada, conectada e que sexa ecoloxicamente representativa.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cales son os plans da Xunta de Galicia para a protección da costa galega nos vindeiros anos?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:





Patricia Otero Rodríguez na data 20/10/2020 14:19:44

Julio Torrado Quintela na data 20/10/2020 14:20:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a situación económica galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto da pandemia do coronavirus e das novas vagas de gromos na economía internacional, estatal e galega é dunha profundidade e impacto sen precedentes. É unha cuestión que se debe analizar e atender desde o ámbito galego para así poder deseñar as mellores respostas posibles para que esta nova crise económica sexa abordada de forma diferente á crise financeira desatada a partir do ano 2008 e que nin Galiza teña un papel subsidiario nin sexan as maiorías sociais quen asuman as consecuencias máis negativas.

Recentemente, o Foro Económico de Galiza publicaba os resultados do seu Informe de Conxuntura Socioeconómica referido ao III trimestre de 2020. Entre outras cuestións, referían que “o agravamento dos rebrotes e as novas restricións e paralización forzada dalgunhas actividades está tendo un efecto negativo nas rendas e un deterioro das expectativas, retrasándose a volta a situación pre-crise.”

Así mesmo, fronte á lectura autocompracente que fai a Xunta de Galiza respecto do diferencial galego/estatal do PIB, o Foro Económico sinala que “Ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (-4,2% no primeiro e -21,5% no segundo trimestre)”. Así mesmo, tamén observa que “se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lenta que na economía española. Con todo, cómpre destacar que esta caída da actividade económica é superior á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro.”

A Xunta de Galiza debe permanecer alerta respecto da evolución da economía galega con base a estes e outros indicadores, así como do seu impacto na vida dos galegos e galegas, na clase traballadora e nos índices de pobreza.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Como valora a Xunta a situación económica de Galiza nesta nova vaga de gromos do outono?
- Como valora o impacto económico das novas medidas aprobadas a partir do mes de setembro?
- Como valora a evolución de Galiza e a perspectiva dunha recuperación lenta?
- Que correccións de orientación económica vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores macroeconómicos?
- Ten a Xunta de Galiza algunha previsión de seu respecto de cal pode ser a evolución do PIB para 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que o noso país ten as ferramentas económicas precisas para afrontar esta crise? Considera que máis autogoberno facilitaría a concreción e impulso de medidas máis eficaces?

- Que repercusións ten a situación macroeconómica para os galegos e galegas? E para a clase traballadora?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 20/10/2020 16:56:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/10/2020 16:56:04

Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2020 16:56:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os criterios de reparto dos fondos europeos para dar resposta á crise da Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten por diante un gran reto respecto dos fondos europeos arbitrados para dar resposta á crise da Covid-19. É necesario impulsar a maior anticipación posíbel para intervir neste debate e que o noso país sexa quen de obter fondos que destinar á reactivación económica, social e cultural e incrementar a capacidade de acción.

Galiza necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia actual. Para iso, é necesario que o noso país non fiquen atrás no impulso de ferramentas económicas propias nin na obtención de fondos estatais ou europeos. Así mesmo, é necesario un debate amplo e profundo cos axentes sociais e económicos relevantes do país, así como coas universidades e centros de investigación para definir as prioridades.

Cómpre recordar que o Consello Europeo celebrado entre o 17 e o 21 de xullo de 2020 decidiu poñer en marcha un novo instrumento económico ao servizo da recuperación da covid-19, o denominado Next Generation EU (NGEU) que conta con 750 mil millóns de euros, dos que o Estado español estima obter 140 mil millóns, uns 77 mil en axudas e 63 mil en préstamos, aos que inicialmente ten renunciado. Así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo, existirán outros fondos complementarios e podemos sinalar tamén que diversos fondos coñecidos como “tradicionalis”, como o de Desenvolvemento rural, poderán experimentar importantes recortes, pois o novo fondo non sae da nada e en parte finánciase con elementos propios do Marco financeiro plurianual (MFP) 2021-2027 .

Hai unha cuestión clave neste asunto, e é que estes fondos, a diferenza doutros anteriores, non están inicialmente territorializados senón que terán un ámbito de decisión fundamentalmente estatal. Ata o día de hoxe nin consta unha proposta da Xunta de Galiza noutro sentido nin información concreta do goberno central que poidan facer pensar nalgunha posibilidade real de descentralización. Este feito é lesivo para os intereses galegos e atenta contra o dereito a decidir do noso país sobre a súa propia folla de ruta económica. Máis aínda cando as liñas para as que estarán destinados afectan fundamentalmente competencias da Xunta de Galiza, moitas delas mesmo exclusivas.

É polo tanto necesario e urxente que Galiza se posicione sobre cales son os criterios que deben pivotar ese reparto e corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza, así como a súa falta de transparencia ao dialogar exclusivamente cunha lista de empresas elixidas arbitrariamente. Así mesmo, é preciso que Galiza se posicione arredor dun obxectivo claro respecto de que contía aspira a conseguir.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Vai defender a Xunta de Galiza criterios específicos para que se teñan en conta para o reparto dos fondos europeos da covid-19?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai defender a Xunta de Galiza diante do goberno central e das institucións europeas a xestión directa dos fondos europeos da covid-19? De que maneira e con que resultado?

- Vai defender a Xunta de Galiza que exista un reparto territorializado dos fondos europeos da covid-19? De que forma?

- Con quen ten consensuado o goberno galego a concreción dos proxectos europeos anunciados polo Presidente da Xunta? Porque non se trasladaron ao Parlamento Galego? E a institucións coma o CES? Porque non contactou cos axentes sociais?

- Que ten feito o goberno galego para que Galiza non saia prexudicada pola perda de fondos tradicionais que nesta etapa van ser recortados? Con que resultado?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2020 17:50:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/10/2020 17:50:50

Daniel Pérez López na data 20/10/2020 17:51:00



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Un ano máis, e xa van incontables, os Lombos do Ulla inician un período de libre marisqueo con ausencia de capturas, o que pon en alerta e problemas ao sector marisqueiro.

Dende hai anos o sector vén alertando do problema da diminución de capturas nos Lombos do Ulla, como froito de problemas na xestión da ría e a súa produtividade. A presenza de area en exceso, que non é retirada; as poucas e case inexistentes tarefas de rexeneración que a Consellería debería levar a cabo; a ausencia de atención ás propostas das confrarías da ría de Arousa ou a nula vontade de traballar na recuperación dos niveis de produción previos son elementos que levan a comprender que a vontade da Xunta de Galicia non parece estar na recuperación dos Lombos do Ulla como espazo de ampla produtividade para o libre marisqueo.

Esta situación leva aparellada unha acumulación de traballadores e traballadoras do sector noutras zonas de libre marisqueo, como a do Boído, o que pode levar a que esta zona sexa sobreexplotada.

A realidade, ao final, está en que os Lombos do Ulla son unha zona absolutamente desaproveitada, con escasa ou nula capacidade produtiva, e que esta realidade trae problemas que deben ser resoltos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Segue considerando a Xunta de Galicia que a súa actuación respecto dos Lombos do Ulla está optimizando a posibilidade produtiva desta zona para o libre marisqueo?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar as súas accións sobre os Lombos do Ulla para tratar de aumentar a produtividade deste banco marisqueiro?



3. Que perspectiva ten a Xunta de Galicia sobre a evolución da produtividade marisqueira do banco dos Lombos do Ulla?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/10/2020 18:26:39

Patricia Otero Rodríguez na data 20/10/2020 18:26:46





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública da plataforma Procapd Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, volta xerar a mobilización e preocupación dos pais e nais e colectivos que integran dita plataforma por mor dos incumprimentos reiterados da Xunta de Galiza e a negación desta a asumir a xestión pública e directa como modelo.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun **CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PÚBLICO** e de **XESTIÓN PÚBLICA**, ou o que é o mesmo un, **CAPD** na provincia de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos . (PP, PSOE, D.O, BNG, EN MAREA), previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

A falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión pública do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación polo nivel de opacidade arredor deste punto.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xestión pública do centro é prioritaria e irrenunciábel. Compre lembrarmos que a falta de compromiso nesta cuestión foi o que levou ao conxunto de pais e nais a renunciar á proposición inicial dun centro feita no ano 2016.

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometemos as distintas organización políticas, sindicais, e sociais é a un centro público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

A xestión directa do centro é o único modelo que garante a calidade asistencial que as usuarias precisan. Unha xestión pública directa que poña en pé de igualdade o futuro centro público Ourense aos que xa existen nas outras tres provincias da Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Comprométese a Xunta de Galiza a garantir por escrito que o CAPD de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa? Cales son os motivos?

Entende a Xunta de Galiza que este centro deberá ser atendido por traballadores e traballadoras seleccionados, organizados e remunerados pola Xunta de Galiza?

Cal vai ser o procedemento para seleccionar estes traballadores e traballadoras?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten definido a Xunta de Galiza como se tramitará e fornecerá o equipamento do centro? Porque non se fixo canda o procedemento para a súa construción?

Tense reunido recentemente cos pais e nais? Vaino facer? Que audiencia se lle vai dar no procedemento?

Vai continuar na senda da privatización de servizos de atención á discapacidade? E á dependencia?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2020 18:28:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2020 18:28:31

Iria Carreira Pazos na data 20/10/2020 18:28:42

Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2020 18:28:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2020 18:29:02



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Goberno do Estado vén de comunicar ás comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira do mes de outubro a suspensión das regras fiscais para o ano 2020 e 2021, todo elo seguindo ás recomendacións das autoridades comunitarias, permitindo deste xeito que os entes autonómicos teñan marxe fiscal para colaborar na reconstrución económica e social.

No devandito CPFEF, o Ministerio de Hacienda comprometeu que as “entregas a conta“ para o ano 2021 manteranse nos niveis do ano 2020, cunha lixeira caída do 0,26 % .

Ademais dos ingresos derivados do sistema de financiación, Galicia tamén participará no reparto de 10 mil millóns de euros do fondo REACT. EU, sen prexuízo dos aproximadamente 750 millóns de euros que lle corresponde pola participación no fondo de 16.000 millóns de euros.

Por outra banda, o conxunto das comunidades autónomas recibirán 9.076,04 millóns de euros pola liquidación positiva do exercicio 2019, inferior ás cantidades recibidas no ano 2018, pero verase compensada coa posibilidade dunha taxa de déficit de 2,2 % do PIB para o ano 2021.

Tendo en conta que o PIB galego aproxímase aos 63.300 millóns de euros, Galicia terá marxe para incorrer nun déficit público de 1.400 millóns de euros, dos cales o 50 % serán asumidas directamente pola Administración do Estado a través dunha transferencia extraordinaria.

Marxe fiscal que permitirá compensar a caída de recadación e tamén servirá para acometer políticas expansivas de gasto público, especialmente necesarias para a reactivación económica de sectores arrasados pola actual pandemia.

Diante da necesidade de aumentar o gasto público en todos os sectores económicos, esencialmente na sanidade e educación, é necesario facer unha política económica expansiva que permita, primeiro evitar a caída da actividade



económica para algúns sectores practicamente arrasados (hostalaría, cultura, ocio nocturno, autónomos, pemes e demais), e en segundo lugar apuntalar o crecemento para a recuperación cara o ano 2021, impulsando cambios estruturais para adecualos á Axenda 2030.

Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que instrumentos de economía pública despregará o Goberno da Xunta de Galicia para poder apuntalar a sectores económicos do país, tendo en conta a nova marxe fiscal autorizado para as comunidades autónomas polo Ministerio de Hacienda?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/10/2020 18:34:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/10/2020 18:34:22



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía e Comercio**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o sector do turismo. Este sector vive nun estado de incerteza e pesimismo constante.

A comezos deste ano a Xunta de Galicia avanzou o plan “Galicia elixe Galicia”, este consiste nun sistema de subvencións para estancias de tres a cinco días destinado a menores de 30 anos, familias con fillos menores de idade e persoas que non superasen os 55 anos. As persoas beneficiadas aportan o 60 % do coste. Este programa naceu có obxectivo de impulsar o turismo fóra da tempada estival, querendo así desestacionalizar o turismo.

O conselleiro de Turismo na súa intervención do Pleno do día 22 de setembro falou do programa “Galicia elixe Galicia” como a gran alternativa para o turismo galego. Este programa non está sendo a gran alternativa. En febreiro calculouse 13.000 persoas beneficiarias. En xullo rebaixouse a cifra a 4.500. Tras retomar o programa o pasado 20 de setembro a previsión é alcanzar 500, polo de agora beneficiáronse 186 persoas, cifra moi escasa para lograr o seu obxectivo.

O Goberno do Partido Popular ten que realizar unha inversión máis ambiciosa e transformadora no turismo galego.

A Xunta de Galicia ten que impulsar medidas máis eficaces que amortezan o impacto desta crise e que sirvan de dique de contención para iniciar a recuperación económica canto antes.

A Consellería de Turismo tería que sacar un plan verdadeiramente ambicioso para o sector turístico é deste xeito reactivar este sector na nosa terra. As 186 persoas que se beneficiaron deste programa é unha cifra irrisoria e testemuñal. Con estes datos o obxectivo deste programa non se vai cumprir, é dicir non se vai impulsar o turismo fóra da tempada estival.



Para o Grupo Parlamentario Socialista este programa resulta claramente insuficiente á altura dos retos do sector. O turismo ten que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta gran crise económica.

O Grupo Parlamentario Socialista tamén demanda á Consellería de Turismo a información de quen fai a selección das persoas que participan no programa “Galicia elixe Galicia”.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai elaborar a Xunta de Galicia un verdadeiro programa para impulsar o turismo fóra da tempada estival, para desestacionalizar o turismo?
2. Que valoración fai a Consellería de Turismo do programa “Galicia elixe Galicia” para impulsar o turismo fóra da tempada estival?
3. A Consellería de Turismo pode dicirnos quen fai a selección das persoas beneficiarias do programa “Galicia elixe Galicia”? No caso de que non sexa a Consellería, quen supervisa a selección?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/10/2020 19:02:18

Martín Seco García na data 20/10/2020 19:02:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativas ao estudo do cambio de usos da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP As Mercedes de Ourense caracterízase, desafortunadamente, polas moitas limitacións de espazo que ten para o desenvolvemento normal das actividades lectivas e das complementarias. Esta é a razón pola que a ANPA asinaba anualmente un convenio coa Xunta de Galiza para empregar as instalacións públicas da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, próxima ao centro educativo tanto para dar o servizo de comedor como para outras actividades como festivais ou actuacións. É máis, durante varios cursos escolares compartíuse o uso da cociña ata a negativa da Xunta de Galiza aducindo unha meirande necesidade por parte da Residencia.

No mes de agosto deste mesmo ano, a ANPA da Pía da Casca foi informada de que para o curso 2020-2021 non sería posíbel asinar un novo convenio. Non foi facilitada desde as xefaturas de Política Social ou de Educación ningunha alternativa nin compromiso, reducindo as posibilidades exclusivamente a aproveitar as limitadas instalacións do CEIP.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o CEIP As Mercedes é o único centro público da zona centro de Ourense. Estamos diante dun centro que incrementou notablemente a matriculación de alumnos nos últimos anos e que por exemplo ten un servizo de comedor moi demandado, pois aglutinan cada ano arredor de 75 usuarios e usuarias con dúas quendas de servizo e lista de agarda, xa que non hai capacidade para abrir unha terceira. Ademais, a ANPA tamén xestiona un servizo de acollida temperá así como diversas actividades extraescolares, agora afectadas pola pandemia da covid-19.

A falla de espazo no CEIP As Mercedes non é nada novo. Esta problemática é ben coñecida tanto polo concello como pola xefatura territorial de educación. Existen limitacións no uso do patio á hora do recreo, non sendo autorizada ningunha das propostas feitas pola ANPA como por exemplo, o uso do claustro da Residencia Xuvenil, a posibilidade de facer dúas quendas de recreo, a humanización do patio, e mesmo chegado o caso, a adecuación da Praza das Mercedes para o seu uso no recreo.

Coa decisión tomada por parte da Xunta de non compartir nin o comedor, nin a capela, nin o claustro, que quedarán para uso exclusivo da Residencia Xuvenil, aínda queda máis minguado o espazo do que disporá o alumnado do centro neste curso escolar 2020-21. Un curso marcado ademais, pola pandemia da COVID-19 que esixe distancias como medida de prevención en todos os ámbitos.

A Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e o CEIP As Mercedes son patrimonio do Concello de Ourense. Polo tanto, o Concello de Ourense e a Xunta de Galiza deben comprometerse e implicarse na viabilidade do CEIP As Mercedes de Ourense e procurar unha solución en colaboración coa comunidade escolar.

Desde o Grupo Parlamentario do BNG entendemos que cómpre aprender dos erros do curso 2020/2021 e poñer solución a eivas que levan anos enriba da mesa. Por





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estas razóns, a través do Grupo Municipal do BNG de Ourense xa se trasladou ao Concello a necesidade de promover unha mudanza de usos da actual Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e a súa adaptación a centro de ensino para que, deste xeito, se poida integrar no CEIP As Mercedes.

Ese cambio de usos permitiría aumentar a oferta educativa, mellorar as condicións de traballo tanto do alumnado como do profesorado e mesmo consolidar servizos que actualmente se prestan en precario debido á falla de instalacións.

Somos, non obstante, conscientes da importancia dunha instalación como a da Residencia, que dá cobertura a un amplo abano de servizos aos que Ourense non pode renunciar, tanto acollendo estudantes como en actividades que se desenvolven durante o verán como albergue e espazo de actividades vinculadas á mocidade. Polo tanto, esta mudanza de usos tería que ir acompañada dun esforzo por parte da Xunta de Galiza para converter algún dos múltiples inmobles que actualmente están abandonados ou en situación de desuso no casco vello da cidade nunha nova residencia xuvenil, para garantir a continuidade deste servizo e que contribúa ao mesmo tempo á dinamización económica e social desta zona.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

É consciente a Xunta de Galiza da falta de espazo do CEIP As Mercedes?

Que actuacións valorou ou vai valorar ao respecto? Comparte as demandas da ANPA e da dirección?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora a Xunta de Galiza ampliar o CEIP As Mercedes coas instalacións da Residencia Florentino L. Cuevillas e dotar Ourense dunha nova instalación que a substitúa?

Considera o goberno galego que diante da realidade xerada pola covid-19 debe estudar a ampliación deste IES? De que maneira?

Considera que a súa falta de implicación pode derivar nun descenso de matrícula?

Como valora a oferta de prazas residenciais públicas en Ourense para estudantado? Estuda ampliala?

Considera viable, en solitario ou coa colaboración co Concello de Ourense, a adquisición dun novo inmoible na zona vella para adaptalo para residencia estudiantil? Por que?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/10/2020 19:03:10

Daniel Castro García na data 20/10/2020 19:03:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2020 19:03:39

Mercedes Queixas Zas na data 20/10/2020 19:03:47

Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2020 19:03:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López, e María do Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación do centro de traballo da empresa SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moi recentemente a dirección de SIEMENS-GAMESA en reunión celebrada coa representación do persoal do centro de traballo que a empresa ten no Concello das Somozas comunicou que non podía garantir a continuidade e o emprego para o vindeiro ano 2021. Un centro de traballo que da emprego directo a 300 persoas máis a un elevado número indirectamente vinculadas á actividade da empresa sobre todo na loxística, transporte e actividades portuarias.

Os argumentos explicitados polos representantes empresariais consisten na perda de competitividade da factoría nun mercado mundial que demanda palas cada vez de maiores dimensións, e sobre todo, o feito de a empresa ter descartado calquera investimento no centro das Somozas para adaptar as instalacións a eses novos estándares requiridos, e isto por contar a propia empresa con outro centro de traballo de recente adquisición en Vagos, Portugal, que si posúe as dimensión precisas para desenvolver os novos produtos, así como unhas mellores condicións loxísticas pola súa proximidade a unhas instalacións portuarias case que desenvolvidas de propósito para dar servizo a esa factoría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A posibilidade de perder unha nova empresa do sector industrial comeza a ser perigosamente habitual no noso país, deixando en evidencia que o dogmatismo do Partido Popular e a súa fe nos mercados para un correcto desenvolvemento económico, non é máis que unha mera superstición de consecuencias sociais e territoriais funestas para sociedades coma a nosa, tan necesitada de políticas industriais activas, de planificación e de promoción.

Un novo drama persoal, familiar e social na comarca de Ferrol, que vai camiño de bater todos os récords de desemprego, pobreza e perda demográfica, mentres o goberno do Partido Popular rexeita calquera posibilidade de aproveitar os recursos propios, como a instalación de novos parques eólicos na Galiza, para vincularlos á creación de emprego industrial relacionado co desenvolvemento deses proxectos.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión perante a empresa SIEMENS-GAMESA, ou celebrado algunha reunión? Que resultado obtivo desas xestións?

- Ten intención a Xunta de Galiza de promover a constitución dun marco de negociación coa empresa e coa representación legal do persoal para abordar a problemática do centro de traballo?

- Ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver algunha iniciativa que permita garantir a actividade e a ocupación do centro de traballo de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado a Xunta de Galiza establecer algún tipo de condición, prioridade, ou preferencia á hora de autorizar proxectos de aproveitamento eólico no ámbito das súas competencias, a favor de aqueles que impliquen investimentos de carácter produtivo ou industrial e que sirvan para a creación de emprego?

- Ten pensado a Xunta de Galiza demandar do Goberno do estado que estableza prioridades do tipo que vimos de mencionar para as autorizacións de proxectos eólicos da súa competencia?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

María do Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 21/10/2020 09:27:39

Daniel Pérez López na data 21/10/2020 09:27:50

María do Carme González Iglesias na data 21/10/2020 09:27:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, María do Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a redución das capturas de polbo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesquería do polbo en Galiza sufriu este verán a maior redución nos últimos anos. Os datos son alarmantes, apenas o 10% das capturas dos últimos anos.

En Galiza, máis de 1200 embarcacións dispoñen de permiso de explotación. E aínda que non o pescan todas as que teñen a nasa do polbo, ninguén dentro do sector é capaz de explicar o espectacular descenso de capturas.

O propio sector, e tamén a comunidade científica barallan distintos factores da práctica desaparición do polbo nas augas galegas este ano. Mais a idea na que uns e outros parecen coincidir é a sobrepesca da especie.

Tal e como recolle na súa exposición de motivos a resolución do 12 de maio de 2020, pola que se aproba o Plan experimental para a xestión o polbo con nasa para a campaña 2020/21, en Galiza o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo sucede na primavera, e como consecuencia disto a época de recrutamento é na primavera-verán do ano seguinte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende 1992, na pesca do polbo en Galiza utilizouse, en xeral, a veda nos meses de maio e xuño como medida para protexer a reprodución da especie e contribuír a que a explotación fose máis sustentábel.

Este ano, o Plan experimental para a xestión do polbo establece o período de veda nun mes, dende o 29 de maio ata o 1 de xullo. É dicir, a veda comezou co polvo ovado e rematou co polbo ovado e os resultados foron absolutamente desoladores, co alto risco de que se estendan tamén ao próximo ano.

Localidades costeiras do país, onde o polbo supón arredor do 70% dos ingresos do sector, están nunha situación extrema e refuxiándose xa noutras artes e especies que, debido á escaseza de polbo, poden acusar as consecuencias en anos vindeiros.

O perigo certo de esquilma da especie nas costas galegas paira entre os mariñeiros e tamén entre os organismos científicos que a estudian dende hai anos. A preocupación é tal que as confrarías intentan buscar solucións, entre elas a revisión do Plan experimental ou mesmo a paralización da campaña, acompañada de medidas compensatorias mentres dure a recuperación da especie.

Ademais, a importancia do furtivismo tampouco é menor. É outro factor de peso que inflúe moitas veces na extracción de individuos en plena veda ou que non chegan á talla mínima e que leva todas as trazas de se converter nun problema estrutural se non se atalla de inmediato.

A administración galega, de quen depende o 100% da xestión do recurso e o 100% da normativa pola que se rexe a súa explotación, debe tomar medidas para que esta especie non remate por sumarse á longa listaxe de especies con fortes restricións de capturas que levan consigo graves consecuencias para miles de traballadores e traballadoras do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da forte redución de capturas de polbo nas costas galegas que tivo lugar este pasado verán?

- Reuniuse o Goberno galego co sector afectado?. De ser así, a que conclusións se ten chegado nesa/s reunión/s?

- Ten levado a cabo o Goberno galego algún tipo de estudo que indique as causas da forte redución de polbo en Galiza?. De ser así, cales son as conclusión do/s mesmo/s?

- Que medidas tomou ou ten pensado tomar a Xunta de Galiza para poñer solución á actual situación de case desaparición do polbo en Galiza e ás consecuencias que ocasiona ao sector?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

María do Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 21/10/2020 10:44:46

María do Carme González Iglesias na data 21/10/2020 10:44:57

Daniel Castro García na data 21/10/2020 10:45:06



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O ano 2021 como ano Xacobeo, se a situación pandémica actual mellora, espérase que na nosa Comunidade Autónoma reciba gran afluencia de visitantes. A maioría desas persoas que visitan a nosa Comunidade Autónoma serán peregrinos e peregrinas que se van aloxar en albergues.

A Xunta de Galicia ten posta todas as esperanzas da reactivación do sector turístico no Xacobeo 2021, por iso o sector turístico espera que a Xunta de Galicia informe o que vai pasar cos albergues públicos e privados.

A Xunta de Galicia debería dar conta das accións previstas para o Xacobeo 2021 e que informe das medidas que se van tomar para adaptar as actuacións previstas ante a situación pandémica actual.

A rede pública de albergues do Camiño de Santiago naceu en 1993 e ten hoxe en día 70 centros en toda a nosa Comunidade Autónoma. Por outra banda, están os 300 albergues privados repartidos por toda a xeografía galega por onde pasa o Camiño de Santiago.

Coa maioría dos albergues públicos pechados e os privados en plena agonía ante un outono e un inverno sen facturar, o sistema de aloxamento polo que se fixo famoso en todo o mundo o Camiño de Santiago está nos seus peores momentos.

O primeiro que debería aclarar a Xunta de Galicia é se van abrir ou non en 2021 os albergues públicos neses lugares onde hai albergues privados. A día de hoxe se hai albergues privados con suficientes prazas os albergues públicos non abren.

A segunda cuestión é se van abrir os albergues públicos nos sitios onde non hai albergues privados no 2021, como o están facendo agora. Outra cuestión é a reserva dos albergues públicos, porque ata antes do coronavirus as prazas ocupábanse ao chegar os peregrinos e peregrinas aos albergues, sen ter a posibilidade de reservar. Agora coa nova situación debido á pandemia da covid-



19 os peregrinos e peregrinas teñen que efectuar a súa reserva online nunha plataforma dos albergues públicos do Camiño de Santiago.

Todas estas cuestións o Goberno autonómico, presidido polo Sr. Feijóo, terá que darlle unha resposta inmediata polo escaso tempo que queda, dous meses, para que se inaugure o ano Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A Xunta de Galicia vai abrir todos os albergues públicos no ano 2021 como ano Xacobeo?
2. Que medidas considera a Xunta de Galicia necesarias tomar debido á pandemia da covid-19 para o correcto funcionamento dos albergues públicos no Xacobeo 2021?
3. Pode A Xunta de Galicia informar neste período de sesións se os peregrinos e peregrinas van ter que reservar praza nos albergues públicos no ano Xacobeo 2021?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación actual dos albergues privados?
5. Cando van recibir os albergues privados as axudas, ás que se puideron acoller, como a de reactiva o turismo e o cheque dixitalización covid-19?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/10/2020 12:19:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 12:21:07
Nº Rexistro: 3927
Data envío: 21/10/2020 12:21:07.150

Martín Seco García na data 21/10/2020 12:19:41

Noa Susana Díaz Varela na data 21/10/2020 12:19:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGXdGRUaHOD8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Rubén Lorenzo Gómez e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O novo Plan de Transporte Público de Galicia, deseñado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a permitir o reforzo e mellora dos servizos que se lle prestan aos cidadáns, moi en particular, na comarca da Mariña lucense.

De feito, tras a súa posta marcha en agosto de 2017, incrementáronse sensiblemente o número de combinacións horarias e frecuencias semanais con respecto ao contrato anterior, o que supuxo unha mellora substancial deste servizo público que redundará en beneficio dos veciños da comarca e, moi especialmente, da mobilidade do rural.

Pero sen dúbida, unha das novidades do plan que funcionou de xeito moi satisfactorio, foi o novo servizo de transporte escolar compartido, que permite aos veciños subirse ao bus escolar e aproveitar as prazas baleiras, beneficiándose tamén os adultos destas rutas e horarios.

A integración das liñas de transporte escolar trouxo múltiples vantaxes, xa que permite un mellor aproveitamento dos recursos públicos e fai posible multiplicar a cobertura territorial dos autocares no rural; ademais de facer economicamente viables os contratos de transporte.

Esta situación contrasta co comportamento adoptado polo Goberno de España que, aproveitando a situación da pandemia, está a levar adiante un desmantelamento progresivo dos servizos ferroviarios e, en particular, do prestado por FEVE nesta comarca.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que melloras incorporou o novo plan de transporte público de Galicia no que respecta ás combinacións e frecuencias na Mariña lucense?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento deste Plan de Transporte Público de Galicia?



3. Que valoración fai a Xunta de Galicia respecto do desmantelamento que o Goberno central está a levar a cabo dos servizos ferroviarios de FEVE nesta comarca?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:14:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](#)

[@GrupoPopularGal](#)



María Elena Candia López na data 21/10/2020 11:14:52

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:15:16

Ramón Carballo Páez na data 21/10/2020 11:15:37

María Sol Díaz Mouteira na data 21/10/2020 11:16:04

Martín Fernández Prado na data 21/10/2020 11:16:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/10/2020 11:16:45

Borja Verea Fraiz na data 21/10/2020 11:17:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, Elena Candia López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Goberno galego fixo realidade, na pasada lexislatura, unha das iniciativas máis agardadas pola veciñanza da comarca: a ampliación e reforma do hospital público da Mariña lucense.

En cumprimento do compromiso adquirido polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, executáronse os traballos da primeira fase destas obras que incluíron a construción dun novo edificio que permitiu incrementar a capacidade de hospitalización do centro.

Sen lugar a dúbidas estas obras, proxectadas para a mellora da actividade ordinaria do centro, tamén xogaron un papel moi positivo en relación a capacidade e resposta do hospital durante a pandemia por covid-19 que estamos a sufrir.

Cómpre lembrar tamén que, con anterioridade á mellora das instalacións, e a instancias dos sucesivos gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo, o hospital público da Mariña veu ampliado dun xeito notable a carteira de servizos presentes.

Así por exemplo puxéronse en marchas os novos equipos HADO-Palativos, a unidade de retina en oftalmoloxía, a segunda sala de endoscopias e o hospital de día onco-hematolóxico, entre outros, que evitaron desprazamentos a outros centros.

O hospital público da Mariña conta hoxe cunhas instalacións máis amplas e cómodas, tanto para os doentes como para os traballadores, o que contribuíu a unha mellora xeral da calidade e do servizo deste hospital público.

Cómpre agora completar as obras pendentes, entre as que se inclúe unha reforma das fachadas exteriores e tamén a remodelación do hospital no seu interior.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1- En que consistiron as obras de mellora executadas ao abeiro da primeira fase de ampliación e remodelación integral do Hospital público da Mariña lucense?



- 2- Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento e utilidade destas actuacións?
- 3- Que previsións manexa o Goberno galego para avanzar nas obras das fases pendentes?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:19:43

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:19:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 21/10/2020 11:20:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/10/2020 11:20:41

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/10/2020 11:20:59

José Alberto Pazos Couñago na data 21/10/2020 11:21:08

Noelia Pérez López na data 21/10/2020 11:21:19

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:21:36

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:21:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/10/2020 11:22:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora está un dos portos pesqueiros máis importantes do Cantábrico, o de Burela.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes pregunta:

1. Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Burela?
2. Que previsións manexa a Consellería do Mar, en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:30:01

Teresa Egerique Mosquera na data 21/10/2020 11:30:15

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 11:30:31

Martín Fernández Prado na data 21/10/2020 11:30:41

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:30:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:31:10

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:31:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora está un dos portos pesqueiros máis importantes do Cantábrico, o de Celeiro, así como outras dársenas emprazadas no municipio de Viveiro.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Celeiro e noutras dársenas de Viveiro?
2. Que previsións manexa a Consellería do Mar, en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:32:10

Teresa Egerique Mosquera na data 21/10/2020 11:32:24

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 11:32:46

Martín Fernández Prado na data 21/10/2020 11:32:56

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:33:12

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:33:25

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:33:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

É moi habitual achegarse ás instalacións portuarias da Mariña lucense –aínda que é unha práctica común no resto da comunidade- e comprobar como durante a noite, e prolongándose durante altas horas da madrugada, sobre todo no verán, un gran número de persoas coas súas canas capturan calamar, luriñas ou diversos peixes.

Trátase dunha práctica de pesca recreativa convertida en tradición que, malia non estar autorizada en zonas portuarias, leva producíndose habitualmente sempre e cando non estorben ás descargas e outras operacións dos barcos e se realice en condicións de seguridade e sustentabilidade.

Con todo, nos últimos meses, e vinculado ao incremento da vixilancia dos corpos e forzas de seguridade por mor da pandemia do coronavirus, aqueles que a practican pode enfrontarse a sancións económicas.

O Grupo Parlamentario Popular entende que debera estudarse unha fórmula para facer compatible a continuidade desta práctica recreativa, coas condicións propias da actividade dos portos, procurando unha solución para que se poda pescar desde as dársenas dunha forma segura, normalizada e regulamentada.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia estudar unha fórmula para facer compatible coa actividade propia das dársenas portuarias galegas a autorización da pesca deportiva en condicións de seguridade, normalidade e sustentabilidade?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:38:01

Teresa Egerique Mosquera na data 21/10/2020 11:38:14

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 11:38:29

Martín Fernández Prado na data 21/10/2020 11:38:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:38:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:39:08

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:39:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora están as executadas nas dársenas comercial e pesqueira de Ribadeo.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Ribadeo?
2. Que previsións manexa a Consellería do Mar en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 11:42:12

José Manuel Balseiro Orol na data 21/10/2020 11:42:18

Teresa Egerique Mosquera na data 21/10/2020 11:42:29

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 11:42:46

Martín Fernández Prado na data 21/10/2020 11:42:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:43:23

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:44:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A primeira causa de mortalidade na nosa Comunidade son as enfermidades do aparello circulatorio, e dentro de elas, as de maior relevancia i con unha elevada proporción no que a mortalidade se refire destacan principalmente os Síndromes coronarios Agudos, (SCA) i en particular o Infarto agudo de Miocardio (IAM).

Desde o ano 2005, por iniciativa da Consellería de Sanidade, Galicia conta cun programa de atención ao infarto agudo de miocardio, (PROGALIAM) que a través dos diferentes protocolos clínicos para mellorar a coordinación dos diferentes axentes que interveñen na atención a estes doentes, busca reducir a morbi-mortalidade provocada polo IAM.

Dispoñer de mecanismos de información que permitan coñecer os recursos de que se dispón e as necesidades que ten a sociedade son imprescindibles para realizar unha adecuada planificación en calquera ámbito da asistencia sanitaria, o IAM é, polas súas propias características, unha das patoloxías máis susceptibles de beneficiarse dun sistema de recollida, análise e tratamento de datos, para a realización de estudos epidemiolóxicos e clínicos que permitan avaliar o proceso e valorar a calidade da asistencia destes/as pacientes, así como planificar as modificacións que sexan precisas para a súa mellora continua, de xeito que se promova a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario e os seus procedementos diagnósticos e terapéuticos.

O 13 de maio do ano 2015 anunciouse a creación do rexistro galego do infarto agudo de miocardio, que foi publicado no DOGA de 15 de maio do 2015.

Un rexistro consensuado e desenrollado baixo os criterios dos profesionais de cardioloxía do Servicio Galego de Saúde que supuxo un grande avance, por ser un rexistro único en toda a Comunidade Autónoma, con criterios comúns en todos os servizos de cardioloxía da Comunidade, para poder obter datos que poideran beneficiar os doentes de esta patoloxía con consecuencias tan devastadoras.

Por todo elo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Que melloras nos resultados asistenciais ten obtido ata o momento o SERGAS grazas ao Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio creado no ano 2015?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/10/2020 11:45:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/10/2020 11:45:46

José Alberto Pazos Couñago na data 21/10/2020 11:45:54

Noelia Pérez López na data 21/10/2020 11:46:05

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:46:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:46:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/10/2020 11:47:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Na nosa Comunidade autónoma, apostamos por garantir un monte sustentable, tanto desde o punto de vista ambiental como económico e social, asegurando un enfoque multifuncional dos diferentes aproveitamentos do territorio forestal, que van desde os propiamente madeireiros ata os relativos a pastos, castañas, cogomelos, froitos e mesmo aos usos lúdicos e sociais.

A produción de castaña en Galicia estímase en 20 millóns de quilos, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto, por iso dende o grupo popular consideramos que é un sector moi importante, sobre todo en zonas de alta montaña.

Sen embargo é un sector que se viu afectado pola chegada a avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*). Esta é considerada a principal praga do castiñeiro europeo, manifestase na primavera coa formación de bugallas nos novos gromos reducindo a superficie foliar fotosintética e impedindo o seu desenvolvemento.

A loita biolóxica con *Torymus sinensis*, parasitoide específico da avespa do castiñeiro é a única medida eficaz para equilibrar a expansión desta praga e manter as poboacións da avespa por debaixo do limiar de danos.

A Xunta de Galicia ven anunciando que ano tras ano incrementa o número de soltas do individuo *Torymus sinensis* co fin de minimizar e/ou deter os danos ocasionados pola *Dryocosmus Kuryphilus* (avespiña do castiñeiro), sendo no ano 2015 cando se empezou coa primeira solta experimental chegando a un total de 1.500 individuos de *torymus* liberados.

Por outro lado, as accións contra o coñecido como chancro ou cancro do castiñeiro pasan por inocular nas árbores cepas hipovirulentas doutro fungo que, unha vez postas en contacto coas cepas virulentas do fungo danoso, diminúen o seu crecemento. Trátase pois, de dispersar as cepas hipovirulentas para que de maneira natural colonicen os sotos galegos, e impidan o crecemento das cepas que producen a enfermidade.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que actuacións puxo en marcha a Xunta de Galicia contra as pragas e outras enfermidades do castiñeiro?
- 2.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución da praga da avespiña do castiñeiro?
- 3.- Que iniciativas se están a desenvolver no eido da investigación do cancro do castiñeiro?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 21/10/2020 12:07:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/10/2020 12:07:45

Raquel Arias Rodríguez na data 21/10/2020 12:07:55

José Antonio Armada Pérez na data 21/10/2020 12:08:25

Ramón Carballo Páez na data 21/10/2020 12:08:45

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 12:09:06

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 12:09:16



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Todos somos coñecedores da importancia que posúe o noso sector primario, tan ligado ao rural galego.

Sen dúbida, un dos principais retos aos que se enfronta Galicia é o relevo xeracional e o mantemento da poboación nese rural. A perpetuidade dun sector imprescindible como é o agroalimentario.

É por iso que é preciso incidir na realidade dalgúns dos núcleos rurais onde se leva a cabo o pastoreo. Unha realidade que xustifica a consideración que, desde o Partido Popular de Galicia, queremos evidenciar e que mostra as dificultades dalgúns zonas de montaña, áreas con terreos de importante potencial gandeiro, que se atopan afastadas de servizos necesarios para o mantemento da súa actividade. Unha problemática que se suma á necesidade de mellorar as vías, as pistas e outros pasos de acceso.

A actividade gandeira nestes núcleos precisa de ferramentas que permitan aumentar as posibilidades de xerar riqueza no agro, de dinamizar estas áreas e contribuír a fixación da poboación no rural.

Na actualidade, exáltase a distribución de produtos dunha calidade excepcional. E por iso que temos que amosar todo o noso apoio aos gandeiros e as gandeiras que están detrás desta calidade, para garantir a rendibilidade das explotacións e permitir que sigan medrando.

Desde os Populares de Galicia cremos que é posible un mellor aproveitamento dos recursos naturais, coa ordenación e posta en valor de pastos da comunidade.

Unha aposta de valor xeneralizada, que permita facer máis rendible a actividade agrogandeira, en zonas de montaña e tamén no resto do territorio. E que permita, ademais, fixar poboación, mellorar a calidade de vida de gandeiros e agricultores e



tamén contribuir á anticipación dos lumes, na protección das aldeas onde residen os homes e as mulleres do rural.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que ten pensado facer o Goberno galego para mellorar a situación da actividade de pastoreo en Galicia?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 21/10/2020 12:12:23

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/10/2020 12:12:46

Raquel Arias Rodríguez na data 21/10/2020 12:12:56

José Antonio Armada Pérez na data 21/10/2020 12:13:15

Ramón Carballo Páez na data 21/10/2020 12:13:33

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 12:13:53

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 12:14:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia é unha das comunidades autónomas españolas con maior superficie forestal. Posúe o terceiro posto segundo a porcentaxe forestal, que representa o 68,7% en relación ao territorio nacional, feito do cal se desprende a importancia do sector forestal galego.

Unha das tarefas que adoptou o Goberno galego ao abeiro das recomendacións do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, é a elaboración dun Inventario Forestal de Galicia.

Un Inventario Forestal Continuo que achegue información do estado dos recursos dos montes galegos para abordar as políticas forestais, responder a problemas específicos e valorar o impacto destas políticas no apoio e o desenvolvemento dun sector estratéxico para o rural galego, como é o forestal.

Para a súa elaboración, asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, conformando unha comisión mixta de profesionais, con representantes de todas as entidades asinantes, para o desenvolvemento do Inventario Forestal Continuo de Galicia.

O obxectivo final é levar a cabo un seguimento exhaustivo da cantidade e do estado das masas arboradas, así como a creación dun sistema de monitorización forestal continuado. Un Sistema de Información e Estatística Forestal que se constitúa como mecanismo para facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresarias relacionadas con este sector.

E por iso que os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o estado do proceso de elaboración do Inventario Forestal Continuo de Galicia a día de hoxe?



Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 21/10/2020 12:17:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/10/2020 12:18:20

Raquel Arias Rodríguez na data 21/10/2020 12:18:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 21/10/2020 12:18:43

Ramón Carballo Páez na data 21/10/2020 12:19:02

José Manuel Cores Tourís na data 21/10/2020 12:19:18

Daniel Vega Pérez na data 21/10/2020 12:19:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nos recentes días á presentación desta iniciativa parlamentaria a Xunta de Galicia vén de anunciar unha iniciativa para distribuír un gran volume de test dos chamados “rápidos”, e a súa realización a toda persoa que o solicite en farmacias determinadas duns concellos determinados da provincia de Ourense.

Esta medida, proposta pola Xunta de Galicia como un avance no combate contra a covid-19, ten notorias eivas que non foron expostas pola propia Xunta de Galicia, ou non foron tidas en conta. En primeiro lugar a utilización de probas que, outrora, foron cualificadas pola propia Xunta de Galicia como “non válidas” para funcións semellantes. Por outro lado, non se clarificou se a Xunta de Galicia financiará, e en que medida, estas probas ás farmacias que as dispensen. Tampouco foi clarificado se existirá un rexistro de persoas que demanden realizar estas probas, así coma o seu resultado, e se a voluntariedade de facela responderá a algún criterio previo clínico ou servirá co mero desexo persoal.

Ante todas estas cuestións esta medida recibiu bastantes críticas e valoracións negativas por parte de colectivos profesionais do sistema sanitario. Entre estas críticas está sinalar que os test están a piques de caducar, o que provoca preocupación e interpretacións en liña comercial e non clínica.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai manter a Xunta de Galicia a súa decisión de ofertar a posibilidade de facer test rápidos nas condicións que anunciaron?
2. Como valora a Xunta de Galicia as críticas recibidas de colectivos profesionais pola decisión anunciada de realizar test rápidos ás persoas que os soliciten en determinados concellos?
3. Tiña coñecemento a Xunta de Galicia que os test que serán utilizados nesta acción están a piques de caducar?



4. Ten algún custe económico para a Xunta de Galicia esta medida anunciada? Canto?
5. Cantos test ten previsto a Xunta de Galicia que estean a disposición desta iniciativa?
6. Que informes ou validación tivo a Xunta de Galicia en consideración para levar a cabo esta iniciativa? Ofrece a Xunta de Galicia a oportunidade de consultar ditos informes?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/10/2020 13:43:17

Marina Ortega Otero na data 21/10/2020 13:43:23



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

No ano 2017 o Grupo Ferroglobe, presentou a solicitude de segregación das actividades hidroeléctricas e industriais da fábrica de Cee e Dumbría e con elas devolver ao seu estado orixinal as concesións dos ríos Xallas e Grande, foi a mobilización dos traballadores e traballadoras da fábrica, cun apoio decidido da veciñanza e gobernos dos concellos da comarca, os que fixeron posible que a Xunta de Galicia rexeitase a dita solicitude, e nas propias declaracións do presidente da Xunta en sede parlamentaria dicía que esixiría á empresa, tantas ou máis garantías do mantemento do emprego como as que garantía naquel momento se a operación de segregación fose viable.

No ano 2019, a fábrica de Cee e Dumbría xunto con 10 centrais hidroeléctricas do Grupo Ferroglobe foron vendidas ao Fondo TPG *Sixth Street Partners* por 170 millóns de euros. As accións do Grupo Ferroglobe pasaron ao Fondo TPG, mantendo a denominación social anterior e con ela as concesións para a produción de enerxía eléctrica vinculada á produción de ferroaleacións.

Descoñecemos o acordo entre os novos propietarios e o grupo vendedor, pero sabemos que en virtude deste, Ferroglobe converteuse no único receptor da súa produción, ao mesmo tempo que se comprometía a subministrar á nova empresa as materias primas clave.

Nese mes de xuño, o presidente da Xunta, en sede parlamentaria asegurou que o seu executivo traballaría pola continuidade industrial e reclamaría un plan industrial para activar o complexo de Cee/Dumbría. En outubro dese ano, o Grupo Parlamentario Socialista pediulle ao conselleiro de Industria que esixise da nova empresa un plan de viabilidade, xa que a autorización administrativa concedida en 1992 e a conseguinte resolución definitiva de 1994 establecía que o réxime de titularidade non podería ser alterado sen autorización administrativa, ademais de que impedía a segregación das actividades de Ferroatlántica, por iso a venda debía ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia, que tiña a obriga de se pronunciar sobre se o negocio xurídico de Ferroatlántica está suxeito á autorización previa, esta implica a presentación dun plan de viabilidade que garanta a actividade de ferroaleaxes e que especifique a continuidade do



funcionamento de todos os fornos e o mantemento do emprego. O director xeral de Enerxía e Minas informou de que se requiriría un plan de viabilidade de Ferroatlántica no momento en que formalizase a "plena" propiedade das centrais hidroeléctricas, deste xeito, o Goberno procedería a solicitar o plan industrial "no momento en que formalice o rexistro desta opción de compra do arrendamento financeiro" e que a "totalidade" da propiedade das centrais hidroeléctricas "esteá en mans de Ferroatlántica".

A principios de 2020, a empresa comezouse a denominar como *Xallas Electricidad y Aleaciones, SAU*, "Xeal" e contaba con máis de 250 persoas no cadro de persoal. No mes de marzo de 2020, a nova dirección da empresa en Dumbría/Cee presentáballes aos alcaldes da comarca o seu plan de negocio, con investimentos e compromiso das dúas liñas de negocio, aleacións e electricidade, cun emprego de calidade e cun desenvolvemento conxunto da comarca. Nesta reunión a dirección de Xeal comunicoulles que optaban polo mantemento do emprego, pese á crise do sector e a incerteza xerada pola covid-19.

Derivado da pandemia asistimos á aplicación dun ERTE que garantía o 100 % dos salarios para os traballadores afectados polas corentenas e como despois dese período, en setembro de 2020 a empresa activaba un ERTE aprobado en febreiro de 2019, antes da venda das factorías e as centrais hidroeléctricas ao novo propietario, motivado polo descenso continuado na demanda dende principios de ano e agravado pola crise económica derivada da covid-19, que provocou unha redución da produción das compañías produtoras de aceiro e o estancamento da actividade dos seus clientes finais. O dito ERTE terá unha duración máxima de cinco meses e inclúe un complemento de salario aos traballadores afectados ata o 85 %, mantendo o 100 % das pagas e vacacións.

A realidade é que dende principios de ano, as plantas de Cee e Dumbría atópanse ao 10 % da súa capacidade de produción, con só 2 fornos de 5 en funcionamento e nos derradeiros meses perdéronse máis de 80 postos de traballo entre persoal eventual e industria auxiliar. O ERTE finaliza en febreiro de 2021 e os traballadores esixen un plan de viabilidade porque a empresa non xera confianza, sen un calendario de arranque dos fornos e uns investimentos reais nas fábricas que garantan a produción, o que podería supor que Xeal estea centrando o seu futuro na explotación dos recursos enerxéticos, agravando o deterioro paulatino das fábricas e amortizando man de obra.



A Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado, cando nin tan sequera reparte o canon de explotación que recibe polo encoro do río Xallas e debe garantir o mantemento das dúas actividades e do emprego, esixindo un plan de viabilidade que conteña investimentos e garantías dos postos de traballo.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Presentou Xeal un plan de viabilidade para as súas fábricas de Cee e Dumbría?

2ª) Reclamoullo o Goberno da Xunta de Galicia despois da venta ao novo propietario e despois de formalizar o rexistro desta opción de compra do arrendamento financeiro?

3ª) Vaille esixir a Xeal o mantemento dos postos de traballo en ambas actividades nese plan de viabilidade polo que se outorgou a autorización administrativa da concesión?

4ª) Por que non recibe nada o Concello de Dumbría da Xunta de Galicia polo Canon de explotación do río Xallas?

Parlamento de Galicia, 20 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/10/2020 13:50:45

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/10/2020 13:51:08



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A situación na planta de *Alu Ibérica* na Coruña volveuse insostible nas últimas datas, o 6 de outubro de 2020 a planta tivo que parar a súa produción por falta de subministro de fuel e nesta mesma semana, a falta de aluminio de reciclaxe e aluminio primario fixo que volvesen ter que parar a produción na quenda de noite, esta situación foi denunciada polos representantes dos traballadores como unha mostra máis da falta de compromiso da empresa co acordo alcanzado para a venda de ALCOA ao novo investidor.

O Comité de Empresa denuncia un continuo baleirado da planta da Coruña, que non garante un futuro produtivo e o mantemento dos postos de traballo e unha falta de respecto continua da dirección da empresa aos dereitos dos traballadores e á súa representación.

As institucións, estatal e autonómicas estiveron presentes no proceso de venda das fábricas da Coruña e Avilés a un novo investidor e comprometéronse a supervisar o proceso, unha venda na que a Xunta de Galicia estivo de costas sen aportar e facer efectivas as súas competencias en política industrial, para deixarlle coma sempre a procura de solucións ao Goberno do Estado. O dito proceso de venda levouse a cabo cunhas garantías que agora están cuestionadas por parte dos traballadores e das informacións aparecidas nos medios de comunicación.

Os traballadores están a esixir das administracións, central e galega, que se reúnan con eles e que actúen ante os incumprimentos da empresa. A realidade é que mentres o delegado do Goberno se reunía co Comité de Empresa e lles trasladaba as accións que está a realizar dende o Goberno, analizando as denuncias e informes da empresa propietaria para confirmar se existen incumprimentos do contrato de compraventa, por se é preciso tomar decisións por vía administrativa ou incluso a xudicial. O Goberno da Xunta de Galicia pola súa banda, non lle contesta aos representantes dos traballadores e incumpria o seus compromisos co Comité de Empresa, pero iso si, saía nos medios de



comunicación, poñéndolle deberes a outras administracións, sen facer absolutamente nada dende as súas competencias.

Cómpre que, con urxencia, as administracións analicen profundamente a situación na que se atopa a planta de *Alu Ibérica* da Coruña e de existir incumprimentos da empresa propietaria, actuar nos ámbitos xudiciais correspondentes.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten o Goberno galego previsto reunirse co Comité de Empresa de *Alu Ibérica* ante a denuncia dos traballadores do incumprimento por parte da empresa das condicións da venda da planta?
- 2ª) Está o Goberno galego analizando os posibles incumprimentos da empresa compradora?
- 3ª) Comprometeuse o Goberno galego cos traballadores a tomar accións xudiciais se eses incumprimentos se confirman?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/10/2020 13:51:37

Pablo Arangüena Fernández na data 21/10/2020 13:51:54

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/10/2020 13:52:11



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O sector da hostalaría en Galicia está a sufrir un enorme impacto como consecuencia dos efectos da covid-19. Un impacto continuado no tempo que está a provocar unha importante caída no emprego e unha redución drástica dos ingresos.

Segundo datos correspondentes o ano 2019 (que proveñen do Clúster do Turismo en Galicia), o sector da hostalaría rexistrou máis de 21.000 establecementos, empregou a máis de 66.825 persoas e facturou, 4.700 millóns de euros, o equivalente o 4,5 % da riqueza da nosa Comunidade Autónoma. Do total de establecementos de hostalería 19.052 eran bares e restaurantes.

O sector da hostalería necesita de forma urxente a adopción de medidas económicas que supoñan axudas directas por parte da Xunta de Galicia, diante dunha situación totalmente insostible dende o punto de vista económico e que afecta directamente á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia.

Un sector excesivamente fragmentado, formado por pequenos negocios, moitos de carácter familiar, que operan con marxes de beneficios baixos e con enorme dependencia da capacidade de renda e en consecuencia da capacidade de consumo da cidadanía.

Segundo o III Informe de Conxuntura publicado polos especialistas do Foro Económico de Galicia, a crise económica orixinada pola pandemia tradúcese nunha forte contracción da demanda interna no primeiro semestre do ano, sendo máis acusada en Galicia que no conxunto do Estado. Entre os compoñentes da demanda interna, a nosa Comunidade presenta unha contracción do consumo privado relativo o gasto das familias, entre os meses de abril a xuño do - 25,3 %.

En termos macroeconómicos a caída do sector servizos, no que atinxe o comercio, transporte e hostalería, sufriu unha variación negativa inter anual no segundo trimestre do ano 2020, 38,3 % . Si atendemos ás horas traballadas no



sector da hostalería, existe unha variación inter anual no segundo trimestre do ano 2020 , do -70,3 %.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco a pesares do importante paquete de axudas habilitadas por parte do Estado e de moitos dos concellos galegos para paliar esta desfeita.

Con maior intensidade, que xa é dicir, en provincias coma Ourense, onde practicamente a metade da poboación ocupada vive do sector servizos (47.000) e onde o 23 % da poboación ocupada son pequenos autónomos (23.000), máxime diante da adopción de medidas de restricións extremas no acceso aos locais de hostalería, con impedimentos de consumo no interior dos mesmos, redución de aforos en terraza ou mesmamente acordando o peche total dos bares e locais de ocio en vilas coma Verín.

Desde o inicio da crise, a actitude do Goberno da Xunta de Galicia foi a ausencia sistemática, con axudas de escaso calado e pouca profundidade diante dunha crise que supón a destrución de miles de postos de traballo.

En definitiva, a Xunta de Galicia debe establecer un plan específico de axudas directas dirixidas a evitar o colapso total do sector, ao igual que están a facer os concellos e outras comunidades do Estado, coma Navarra, Cataluña, etc.

Existe marxe orzamentario (participación de Galicia no Fondo covid de 16.000 millóns, utilización do fondo de continxencia, modificacións orzamentarias de partidas que non foron executadas, etc) e existe marxe fiscal , unha vez que por parte do Ministerio de Hacienda se ten comunicado a suspensión das regras fiscais, permitindo ás comunidades autónomas un incremento do déficit do 2,20 % para o ano 2021, precisamente para empregar toda a capacidade de gasto posible en socorrer á cidadanía para que manteñan o emprego e a actividade económica.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que diagnose fai o Goberno galego da situación do sector da hostalaría en Galicia e en concreto da situación de restricións provocadas pola covid-19, e a súa repercusión económica?
2. Que medidas vai aplicar para evitar o peche de empresas e a perda de postos de traballo no sector da hostalaría en Galicia y en particular en Ourense?
3. Ten pensado o Goberno galego establecer axudas a fondo perdido para o sector da hostalaría e ocio nocturno?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/10/2020 17:02:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/10/2020 17:02:12

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/10/2020 17:02:21



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hai 15 días, 14 traballadores e traballadoras (facultativos, médico interno, enfermeiros/as) do Complexo Hospitalario de Montecelo en Pontevedra, foron contaxiados pola covid-19.

O gromo xurdiu cando un sanitario infectado compartiu unha xornada laboral de 17 horas con outras dúas compañeiras, coas que non coincidira fóra do lugar de traballo.

Dende a Xerencia do Hospital, non as consideraron contacto estreito, polo que tiveron que facer as probas PCR pola súa conta e tiveron que ir traballar malia estaren pendentes dos resultados; é dicir, non se lles decretou illamento preventivo ningún porque a área preventiva non as considerara contacto estreito.

O persoal sanitario amosou o seu malestar pola tardanza á hora de someter as compañeiras e compañeiros do hospital a un cribado e expresan a súa preocupación por un lado pola carencia de persoal sanitario no citado hospital pontevedrés, incrementado polas corentenas, pero tamén pola falta de medidas hixiénicas e de seguridade que está a poñer en risco a súa saúde.

Onte coñecíamos, un novo gromo neste centro hospitalario, 8 persoas as contaxiadas nun brote detectado na unidade de Oncoloxía do Hospital de Montecelo de Pontevedra, 6 pacientes, unha enfermeira e unha acompañante.

Unha das traballadoras afectadas, manifesta que o xoves 15 de outubro, ao detectar estes brotes dende medicina preventiva mandáronlles facer test rápidos.

Dous días despois non lles trasladaran o resultado, polo que seguiron traballando, en concreto esta traballadora durante a fin de semana nos PAC de A Parda e no de Baltar.

O luns, a súa inqueda pola tardanza fixo que comprobara a súa historia clínica, onde aparecía que o resultado amosaba "positivo en anticorpos IgM"

A traballadora púxose en contacto con medicina preventiva para manifestarlle a súa situación e a circunstancia que tería que incorporarse o día seguinte ao seu posto na área de tratamento Oncolóxico do Hospital Provincial.



Recibindo como resposta "*non lle faga caso, que hai moito falso positivo*".

Estas actuacións por parte de medicina preventiva, non se poden tolerar e están a poñer en risco ás persoas traballadoras e ás persoas doentes. Sendo persoal de risco non entendemos que está a pasar, a falta de coordinación ou dilixencia co que se está a actuar.

Tamén denunciámos como non se reforzan as medidas de limpeza e desinfección nestes servizos e en xeral, en todo o complexo hospitalario, tendo en conta a situación na que nos atopamos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego do motivo dos recentes contaxios no Complexo Hospitalario de Montecelo?
2. Estanse a cumprir de forma estrita as normas de limpeza e desinfección dentro do complexo hospitalario?
3. E suficiente o persoal de limpeza para cubrir as esixencias mínimas que marcan os protocolos de limpeza da covid?
4. Estase a repoñer ao persoal sanitario que teñen que gardar corentena, con outros profesionais?
5. Asumiuse dende a Xerencia do hospital algunha responsabilidade por estes gromos?
6. Asumiuse algunha responsabilidade pola Xerencia do hospital pola tardanza en someter ao persoal sanitario as probas PCR?
7. Por que non se illa de súpeto ao persoal sanitario, que podan ter indicios de estar contaxiados por covid-19?
8. Como valora a actuación do departamento de Medicina preventiva con esta traballadora?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





Paloma Castro Rey na data 21/10/2020 17:05:48

Julio Torrado Quintela na data 21/10/2020 17:05:55

Marina Ortega Otero na data 21/10/2020 17:06:01



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A pandemia da covid-19 supuxo un forte impacto nas nosas vidas, e especialmente na reorganización de espazos para o normal desenvolvemento da nosa actividade. É o caso do ámbito educativo, cuxos centros tiveron que improvisar novos espazos para garantir a seguridade e cumprir os criterios marcados polas autoridades sanitarias, con sucesivos protocolos por parte do Goberno galego que esixían medidas de distancia entre o alumnado en continuo cambio, o que dificultou enormemente o traballo das direccións dos centros.

O IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, atendendo sempre aos criterios de seguridade marcados pola Xunta de Galicia, organizou os seus espazos para garantir a educación presencial en todo momento. Para iso, ocupou lugares como a biblioteca ou o salón de actos, cos que se podían cumprir as medidas de distancia, e deixou algunhas aulas baleiras para situar nelas outros grupos toda vez que a Xunta de Galicia lles enviase os 16 docentes que reclamaban.

O día 4 de setembro a dirección do centro enviou á inspección educativa os planos do instituto indicando as capacidades máximas de cada aula, así como o cálculo pormenorizado da necesidade de profesorado. Eses planos mesmo estiveron colgados na *web* do centro, co emprazamento de cada un dos 36 grupos desdoblados. Tiñan, polo tanto, coñecemento de que o centro tiña os espazos necesarios e as necesidades de profesorado.

Finalmente, a Xunta só lle concedeu 10 profesores, de maneira que o IES compostelán tivo que optar pola semipresencialidade para 117 estudantes de primeiro de bacharelato, que se alternan para acudir ao centro en días alternos mentres a outra metade segue as clases dende a casa, o que supón unha clara desvantaxe para ese alumnado, cuxa avaliación final do curso xa formaría parte da nota media para acceder ás ABAU. A solución proposta atopouse coa total oposición das familias do alumnado afectado, que xa comezou con mobilizacións.



O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, afirmaba o pasado 18 de outubro nunha entrevista nun medio de comunicación que estaban a traballar “ para que esa semipresencialidade sexa nula” e que o obxectivo do Goberno galego é “que esta medida de docencia mixta tenda a cero, e para iso a Inspección ten que avaliar as posibilidades”.

Ata o de agora as opcións ofrecidas pola Xunta de Galicia foron:

- a instalación de pantallas de televisión para que o alumnado poida asistir ás clases dende algún espazo no centro mentres os seus compañeiros e compañeiras están simultaneamente de maneira presencial co docente.
- o derrubamento de muros no IES Antonio Fraguas para facer os espazos máis grandes, unha opción que a día de hoxe parece a máis factible para a Consellería pero que no seu día non era unha opción dada a “transitoriedade do momento” que viviamos, segundo se lle indicou ás direccións dos centros.

Vistas as opcións, obviamente coa primeira non se solucionaría o problema da presencialidade, e coa segunda o que nos preguntamos é que pasará cando por fin remate a pandemia con eses espazos tan amplos que logo poden non ser necesarios e dificultar a nova organización das clases. Por outra banda, a realización das obras vai supoñer un grave prexuízo ao centro en medio do curso. Diante destas posibilidades a todas luces irracionais, e xa que existen espazos baleiros no centro nos que acomodar a todo alumnado, non parece lóxico que a Xunta de Galicia non envíe o profesorado necesario para garantir a docencia presencial como así se está a facer noutros institutos, o último o IES pontevedrés Sánchez Cantón.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Pensa a Xunta de Galicia contratar os 6 docentes necesarios para garantir a docencia presencial no IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela?
- 2ª) Realizou a Consellaría de Educación obras como as descritas nalgún outro centro no que, a *priori*, xa contaba con espazos suficientes para cumprir as medidas de distanciamento?
- 3ª) Seguiu a inspección educativa o procedemento establecido na Orde do 17 de setembro de medidas para os casos nos que non se poida cumprir coas distancias de 1,5 metros para autorizar o incremento do profesorado que pedía o IES Antonio Fraguas?



4ª) Baseándose en que criterio se autorizou un incremento de 10 e non de 16 profesores, cando nos consta que a petición da dirección do centro foi exclusivamente para a organización de desdobres e, polo tanto, non se solicitou a semipresencialidade?

5ª) Autorizouse aínda así a semipresencialidade para ese centro e polo tanto o incremento exacto dos 10 profesores necesarios?

6ª) Visitou o centro nalgún momento do mes de setembro a Inspección educativa ou algún membro da Unidade Técnica para valorar algunha obra?

7ª) Que fixo a Consellería de Educación nos 46 días que pasaron dende o 4 de setembro ata o 20 de outubro en relación ao IES Antonio Fraguas?

8ª) Deu a Consellería ordes expresas ao centro de calcular o profesorado necesario para facer un ensino semipresencial, aínda sendo coñecedores de que o centro tiña os espazos necesarios?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/10/2020 13:46:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/10/2020 13:46:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre as medidas sanitarias no CMUS Manuel Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios anos que as instalacións do Conservatorio de Música Manuel Quiroga de Pontevedra están a causar problemas na práctica académica deste centro. Problemas que veñen motivados fundamentalmente polo deseño das fiestras do edificio que, dado o seu reducido tamaño, provocan unha falta de ventilación que conleva temperaturas elevadísimas durante varios meses ao ano. Esta situación, que non é compatíbel coas condicións mínimas de seguridade que debe ter un centro educativo teñen chegado mesmo a provocar mareos no propio alumnado.

Hai xa ben anos que, despois das denuncias da comunidade educativa, a Consellaría de Educación comprometeuse a acometer as obras necesarias para solucionar esta grave deficiencia. Pero unha vez máis, pasados os anos, o anuncio da consellaría non se cumpriu e toda a súa actuación reduciuse á reforma dunha única fiestra do edificio.

Se os problemas de ventilación son un problema evidente para un edificio que alberga este tipo de ensinanzas en calquera momento, moito máis o son nunha situación epidemiolóxica como a que estamos a padecer, na que a comunidade científica sinala días tras días que os aerosois son unha importante vía de contaxio da Covid-19. En





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencia, esta realidade do CMUS Manuel Quiroga convértese nun risco evidente e inadmisíbel para profesorado e alumnado.

Dende o BNG entendemos que esta situación do conservatorio supón unha eiva inadmisíbel para a práctica docente e un risco evidente para a saúde do persoal e do alumnado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Cre a Xunta de Galiza que o edificio do CMUS Manuel Quiroga está adaptado ás necesidades educativas que precisa un centro deste tipo?

-Vai á Xunta de Galiza levar adiante as obras precisas para garantir unha práctica académica adecuada no CMUS Manuel Quiroga?

-Cre o goberno galego que se pode garantir unha práctica educativa axeitada, cos condicionantes que ten un conservatorio de música, en aulas que teñen as limitacións de ventilación que padece o CMUS Manuel Quiroga?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/10/2020 18:17:07

Mercedes Queixas Zas na data 21/10/2020 18:17:11

Daniel Castro García na data 21/10/2020 18:17:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre as medidas sanitarias no CMUS Manuel Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios anos que as instalacións do Conservatorio de Música Manuel Quiroga de Pontevedra están a causar problemas na práctica académica deste centro. Problemas que veñen motivados fundamentalmente polo deseño das fiestras do edificio que, dado o seu reducido tamaño, provocan unha falta de ventilación que conleva temperaturas elevadísimas durante varios meses ao ano. Esta situación, que non é compatíbel coas condicións mínimas de seguridade que debe ter un centro educativo teñen chegado mesmo a provocar mareos no propio alumnado.

Hai xa ben anos que, despois das denuncias da comunidade educativa, a Consellaría de Educación comprometeuse a acometer as obras necesarias para solucionar esta grave deficiencia. Pero unha vez máis, pasados os anos, o anuncio da consellaría non se cumpriu e toda a súa actuación reduciuse á reforma dunha única fiestra do edificio.

Se os problemas de ventilación son un problema evidente para un edificio que alberga este tipo de ensinanzas en calquera momento, moito máis o son nunha situación epidemiolóxica como a que estamos a padecer, na que a comunidade científica sinala días tras días que os aerosois son unha importante vía de contaxio da Covid-19. En





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencia, esta realidade do CMUS Manuel Quiroga convértese nun risco evidente e inadmisíbel para profesorado e alumnado.

Dende o BNG entendemos que esta situación do conservatorio supón unha eiva inadmisíbel para a práctica docente e un risco evidente para a saúde do persoal e do alumnado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que a situación que vive a comunidade educativa do CMUS Manuel Quiroga é compatíbel cunha actividade educativa segura nese centro?

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 21/10/2020 18:17:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 21/10/2020 18:17:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/10/2020 18:17:58



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A tuberculose está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium bovis*, capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos.

Trátase dunha enfermidade cuxa propagación foi atallada e contida desde un primeiro momento, cuns resultados moi positivos na nosa comunidade autónoma, a cal posúe un excelente estatus sanitario.

Na actualidade, as campañas de saneamento gandeiro en Galicia, como ocorre no resto de comunidades autónomas, réxense polo programa nacional de erradicación da tuberculose bovina.

A Xunta de Galicia segue estritamente en todo o territorio galego o establecido polo devandito programa, coa fin de asegurar a rendibilidade das explotacións e evitar a existencia de trabas sanitarias á comercialización dos nosos animais e produtos.

Deste xeito, e dada a aplicación do plan de erradicación, é preciso informar aos gandeiros sobre os avances que se deron e se están dando en materia sanitaria no conxunto das explotacións gandeiras de Galicia.

Ter un gando san é un pilar fundamental para a explotacións e isto vai unido intrinsecamente á economía das mesmas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Consellería do Medio Rural das campañas de saneamento gandeiro?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 22/10/2020 11:06:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/10/2020 11:07:00

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2020 11:07:10

José Antonio Armada Pérez na data 22/10/2020 11:07:32

Ramón Carballo Páez na data 22/10/2020 11:07:51

José Manuel Cores Tourís na data 22/10/2020 11:08:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 22/10/2020 11:08:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a severidade e frecuencia dos incendios é elevada o lume conduce ao medio natural cara un proceso de degradación debido á perda da cuberta vexetal. Esta situación podería desembocar nun proceso de empobrecemento ou perda do potencial biolóxico do solo, proceso global definido como desertificación.

Unha vez calcinada a terra nos solos prodúcense escorrentías que afectan directamente aos recursos produtivos, con especial afección aos recursos hídricos, á flora, a fauna, as infraestruturas...

Os voluntarios e voluntarias, os veciños e veciñas poden realizar algunhas accións de restauración e recuperación dos ecosistemas calcinados; mais estes traballos son unha obriga das distintas Administracións públicas, obrigas e prioridades recollidas nas súas normativas legais, directivas, consellos...

Unha vez afectado un monte por un incendio forestal é preciso e urxente levar adiante intervencións a curto prazo realizando os traballos precisos –segundo o caso– que eviten a erosión, o estragamento dos solos, a perda de biodiversidade, a protección das infraestruturas...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A máis longo prazo, tanto Goberno central como a Xunta de Galiza, teñen a obriga de aprobar planos especiais aplicando as medidas de restauración-recuperación dos montes afectados por incendios forestais que sexan precisos, pondo en marcha planos de restauración hidrolóxico-forestais co fin de minimizar os danos e para recuperar, na medida do posíbel, os ecosistemas afectados.

É bo lembrar que os estudos científicos reflicten que as perdas medias de solo, dependendo da orografía e estado da vexetación, poden acadar até 50 toneladas por hectárea e ano. No conxunto da Península Ibérica calcúlase que o 44% do territorio está afectado por algún tipo de perda de solo por erosión e máis de 9 millóns de hectáreas están afectadas por eivas erosivas graves.

Na actualidade, é múltiple e diversa a lexislación aplicábel para a recuperación de áreas queimadas; lexislación de ámbitos estatal e europeo máis tamén galego como a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

Así, o artigo 49 da **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza**, fala en relación ao mantemento e restauración dos terreos incendiados:

1. ...unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Así mesmo promoverá a adopción de mediadas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes... Actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas a

rexeneración dos terreos...

2. Este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais...

3. O Consello da Xunta de Galiza poderá declarar de utilidade pública... así como para a realización de calquera actuación destinada a protección hidrolóxica...

Mentres que o Artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galiza; medidas de restauración.

A Administración forestal establecerá, en caso necesario, medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, catástrofes naturais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos... As ditas actuacións de restauración terán consideración de interese xeral, e poderán declararse de utilidade pública cando concorran razóns de urxencia que así o xustifiquen...

E o Artigo 65 da mesma lei de Montes fai referencia á Restauración hidrolóxico-forestal.

1. A restauración hidrolóxico-forestal terá como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos, a estabilidade dos terreos e a protección de infraestruturas de interese xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Administración forestal poderá declarar zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e da restauración hidrolóxico-forestal atendendo preferentemente aos montes protectores, así como os terreos forestais, que se atopan nalgún dos seguintes supostos:

- a) Terreos afectados por incendios...*
- b) Terreos que xeren ou se atopen en risco de desprendementos...*
- c) Terreos que se atopen en risco de sufrir graves episodios de erosión...*
- d) Terreos procedentes de explotacións mineiras históricas...*
- e) Outros terreos afectados por fenómenos ou causas meteorolóxicas antrópicas, bióticas...*

3. Os plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación poderán ser declarados de utilidade pública...

Tendo en consideración todo o anterior, observando a inacción dos últimos anos nas que tanto a Xunta de Galiza como o Estado non levaron adiante ningún plano específico para as zonas calcinadas polos incendios forestais, diante dunha evidente falla do cumprimento da lexislación básica por parte das Administracións públicas, o desleixo, a falla de medidas urxentes, o incumprimento legal das obrigas ao non por en marcha plans de restauración/recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais. Tendo en consideración a anomia institucional e o esquecemento dos gobernantes, temos asistido unha e outra vez a situacións nas que a sociedade concienciada do país realiza actuacións urxentes de forma voluntaria intentando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minimizar os efectos erosivos, a destrución dos solos, a contaminación dos ecosistemas fluviais, a protección da biodiversidade, do patrimonio natural...

Mais dada a superficie calcinada/estragada polos incendios forestais as labores realizadas de forma voluntaria polas comunidades propietarias de montes e por distintas asociacións non é suficiente, resulta imposible actuar en todos os ecosistemas afectados polo que é urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de inacción e abandono.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que traballos está a levar a cabo a Consellaría do Medio Rural para cumprir coa lexislación vixente en materia de recuperación de zonas afectadas polos lumes?

-Existe un plano específico de recuperación máis aló de determinadas medidas de urxencia para intervir nas zonas máis afectadas polos lumes deste 2020? En que consiste?

-Que orzamento ten previsto adicar a Consellaría do Medio Rural para estes traballos de recuperación?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 22/10/2020 11:47:34

María del Carmen Aira Díaz na data 22/10/2020 11:47:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/10/2020 11:47:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, María González Albert, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª,** relativa ao aprazamento de operacións do Complexo Hospitalario de Ourense durante a vaga de covid-19 do mes de outubro e aos protocolos activados.

Exposición de motivos

O pasado 22 de outubro de 2020 diversos medios de comunicación informaban do aprazamento de operacións non urxentes no CHUO por mor do incremento de persoas ingresadas por coronavirus e o aumento da presión asistencial. 13 días antes coñecía-se que presuntamente ese centro hospitalario xa aplicara o seu Plan de Continxencia (solicitado por parte de este grupo e que no momento de asinar esta iniciativa non fora remitido) e que polo tanto comezaba a desprazar ingresos a outros hospitais. Nas novas coñecidas o pasado 22 de outubro tamén se indicaba a posibilidade de comezar a enviar pacientes do Hospital Comarcal de Valdeorras a Hospitais de Lugo polas mesmas razóns.

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos conscientes de que durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa evolución e son necesarias medidas de diferente tipo para atender con suficiencia as necesidades. Porén, somos conscientes tamén das necesidades estruturais dos tres hospitais de Ourense, das necesidades de persoal e de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo e do empeoramento sufrido neste sentido, polo que a falta de transparencia e información pública da Xunta de Galiza non contribúe a enviar unha mensaxe de tranquilidade á poboación. Así mesmo, é preocupante que despois de non ter ningún plan específico de recuperación das necesidades asistenciais pendentes do confinamento e do Estado de Alarma, volvamos estar nunha situación de restrición de servizos sen unha folla de ruta coñecida para recuperalos en canto sexa posible pola evolución da pandemia.

Entendemos, polo tanto, que estas cuestións deben ser explicadas. Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Pode explicar a Xunta de Galiza a situación e capacidade asistencial do CHUO a partir de outubro?

En que momento se comezaron a derivar doentes deste hospital cara outros? Cara cal ou cales? En que número? A algún privado?

En que momento se suspenderon ou van suspender operacións “non urxentes”? Que volume de operacións están afectados? Que pautas van seguir para compensar os períodos de interrupción do hospital de Ourense?

Pode explicar a Xunta de Galiza a situación e capacidade asistencial do Hospital Comarcal de Valdeorras a partir de outubro?

En que momento se comezaron a derivar doentes deste hospital cara outros? Cara cal ou cales? En que número? A algún privado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que momento se suspenderon ou van suspender operacións “non urxentes”?
Que volume de operacións están afectados? Que pautas van seguir para compensar os
períodos de interrupción do hospital de Valdeorras?

Pode explicar a Xunta de Galiza a situación e capacidade asistencial do Hospital
Comarcal de Verín a partir de outubro?

En que momento se comezaron a derivar doentes deste hospital cara outros?
Cara cal ou cales? En que número? A algún privado?

En que momento se suspenderon ou van suspender operacións “non urxentes”?
Que volume de operacións están afectados? Que pautas van seguir para compensar os
períodos de interrupción do hospital de Verín?

Cal foi o número máximo e mínimo de camas dispoñíbeis nestes 3 hospitais
desde o mes de setembro?

Vai remitir ao Parlamento Galego copia do Plan ou Plans de Continxencia por
mor da COVID-19 do Complexo Hospitalario de Ourense, Verín e Valdeorras desde
febreiro de 2020 até a actualidade?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2020 11:50:00

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2020 11:50:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/10/2020 11:50:16

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2020 11:50:29

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2020 11:50:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as novas supresións e cambios na liña de Avant Ourense-Santiago-A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG vén de coñecer novas supresións e cambios na liña de Avant Ourense-Santiago-A Coruña que afectan a ambos sentidos e que supoñen un novo retroceso na calidade e suficiencia do servizo.

Se no mes de setembro denunciabamos a supresión do tren Avant que saía ás 6:45 de Ourense con parada en Santiago de Compostela e A Coruña e que facilitaba que centros de estudantes e traballadores e traballadoras acudiran ao seu posto de traballo, no momento de asinar esta iniciativa vimos de coñecer novas mudanzas que son absolutamente intolerábeis e que afectan a ambos os dous sentidos da circulación.

Por exemplo, compróbase como na última semana de outubro xa se suprime o tren Avant que saía ás 11:40 que da Coruña con parada en Santiago de Compostela e saía ás 12:10 cara Ourense. Así mesmo, suprímese o tren que saía ás 15:30 os venres de Santiago e que axudaba a cubrir a sobredemanda que ese día da semana ocasionaba o aumento de estudantes. Por outra banda, múdanse diferentes horarios. Por exemplo, o tren que saía ás 12:10 de Ourense adiántase ás 11:45, reducindo o espazo entre o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiro tren do día e os trens da tarde. Tamén se adianta o tren das 18:00 ás 17:05, deixando sen servizo até ás 20:00. Tamén cómpre denunciar o adiantamento dos dous trens que regresan pola tarde de A Coruña e Santiago a Ourense. O tren que saía ás 16:30 da Coruña con parada en Santiago e saída de novo ás 17:00 pasa ás 15:30 e 16:00 respectivamente. Isto supón un atranco en materia de oferta horaria para moitas persoas que estudan ou traballan e non van poder acompañar ese adianto. Así mesmo, adiántase o último tren de regreso, de forma que vai acontecer o mesmo, pois o tren que saía ás 20:00 da Coruña e despois ás 20:30 de Santiago adiántase 20 minutos.

Nesta cuestión chove sobre mollado e obsérvase como o único criterio seguido polo Goberno central, Renfe e Adif é o da conexión de Galiza con Madrid para dar servizo aos trens e horarios de saída, pero nunca á conexión interna. Isto é inadmisíbel cando ademais esta é unha liña estratéxica para conectar un amplo abano de comarcas de Ourense e do sur de Lugo co eixo atlántico, cando os informes de Renfe indican aumento de pasaxeiros e cando ten o recoñecemento de obriga de servizo público.

Desde hai anos Renfe e Adif, por decisións políticas do PP e do PSOE, avanzaron nunha liña de baleirado de servizos ferroviarios. Co paso dos anos, no lugar de mellorárense as conexións entre as poboacións, a liña é a contraria. A isto súmase o peche de estacións e a privatización doutros servizos. Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico dunhas comarcas empobrecidas e con graves problemas de fixación de poboación como as ourensás.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para impedir a supresión de máis liñas e mudanzas de horario irracionais do tren Avant en Galiza?

Que valoración fai a Xunta de Galiza das mudanzas horarias aplicadas no ano 2020 neste traxecto, en ambos os dous sentidos?

Que fixo o Goberno galego para o cumprimento das demandas unánimes do Parlamento galego do pasado 21 de outubro de 2020?

Vai demandar o Goberno galego a transferencia das competencias ferroviarias?

Valora ou vai valorar o Goberno galego facer algún estudo propio para reforzar estas reivindicacións? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/10/2020 12:39:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/10/2020 12:39:11

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2020 12:39:20

Alexandra Fernández Gómez na data 22/10/2020 12:39:31

María González Albert na data 22/10/2020 12:39:39

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2020 12:39:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, María do Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a situación do servizo de gardacostas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aprobou no ano 2017 a contratación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependente da Consellaría do Mar, para o desenvolvemento de labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

O contrato foi adxudicado á empresa Babcock España (antiga INAER) por unha vixencia de 4 anos máis 2 de prórroga e por un importe de preto de 51 millóns de euros. O propio presidente da Xunta xustificou publicamente ese importe “polas melloras que se incluíron no prego de condicións”.

Unha desas “melloras” é a referida á redución en 24 horas do tempo de relevo da aeronave (o contrato anterior establecía como período de relevo un máximo de 72 horas). Segundo se estipula no prego de contratación “no caso de que o helicóptero quedase fóra de servizo por calquera causa, a empresa porá a disposición da Consellaría no menor tempo posíbel, e en todo caso antes dun prazo máximo de 48 horas, un helicóptero das mesmas características e prestacións, ou superiores, sen cargo algún para a Consellaría”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres tanto, esa “mellora” amosouse incumprida dende aquela en varias ocasións por parte da empresa, sen que nos conste apercebimento, apertura de expediente ou penalización por parte da Xunta de Galiza. Incumprimentos que consideramos graves porque poñen en risco un servizo que incide directamente na seguridade do mar.

Os distintos sindicatos levan denunciado ao longo destes anos que os helicópteros do servizo de gardacostas quedan fóra de servizo en ocasións e que, no caso de se presentar unha emerxencia que precisase da súa intervención, os recursos estarían reducidos ou serían inexistentes.

Estas denuncias poñen de manifesto claramente que a privatización do servizo dende o ano 2012 por parte da Xunta non prima a importancia dos rescates e outras eventuais emerxencias senón só o criterio económico e de aforro da empresa adxudicataria.

E así, o pasado 11 de outubro, volveu quedar fóra de servizo un helicóptero, o Pesca 1, ao que se lle activaron os flotadores de emerxencia (obrigatorios en todos os helicópteros que realicen voos sobre o mar) durante o voo, e veuse veu obrigado a aterrizar de emerxencia no aeroporto de Peinador. A partir dese momento, o helicóptero dáse por inoperativo ou fóra de servizo e permanece así toda a semana sen que a empresa o substitúa. A día de hoxe, está en funcionamento, mais Babcock España decidiu que operase sen os flotadores, decisión que no mar é altamente arriscada e cuestionábel por supoñer unha clara diminución das capacidades de rescate do helicóptero e unha morte segura para a tripulación no caso dunha amerizaxe de emerxencia.

A Consellaría do Mar é coñecedora, e como consecuencia consinte e tolera, eses reiterados incumprimentos do prego de condicións por parte da empresa. E tamén o é do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito de que se teñen posto á súa disposición helicópteros que non cumprían con todas as especificacións requiridas e, polo tanto, con inferiores prestacións para un servizo que é vital nas nosas costas e que con este tipo de actuacións pon en risco claro ás tripulacións e ao propio salvamento da xente do mar.

Ademais, ten ocorrido que a inoperatividade dos helicópteros do servizo de gardacostas de Galiza foi suplida cos servizos do Helimer, pertencente á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) do Estado e da que a Xunta é colaborador. Mais, nesta ocasión, o Helimer estivo tamén inoperativo o pasado martes, día 20, e a día de hoxe continúa cun só rescatador dos dous que compoñen a tripulación habitual. Así que, neste momento de 4 helicópteros que dan servizo público en Galiza só permanecen totalmente operativos o Helimer Cee/Santiago (que ten un tempo de resposta non inferior a unha hora) e o Pesca 2.

É dicir, no caso dunha emerxencia neste momento, os servizos que pagamos todos os galegos e galegas estarían reducidos á metade e sen posibilidades de facerlle fronte. Polo tanto, é urxente que a Consellaría esixa o cumprimento estrito do establecido no contrato a Babcock España coa finalidade de solucionar definitivamente esta serie de despropósitos e non siga tolerando a exposición que supón a inoperatividade dalgún helicóptero ou o seu funcionamento en condicións deficientes.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da grave situación que se está a dar na actualidade no Servizo de Gardacostas de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten coñecemento o Goberno galego de que situacións como a actual xa se teñen dado noutras ocasión? Que actuacións ten levado a cabo para solucionarlas? Houbo nalgún momento apercibimento, apertura de expediente ou penalizacións á empresa polo deficiente servizo que está a prestar?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento do contrato adxudicado á empresa Babcock España respecto dos helicópteros so Servizo de Gardacostas de Galiza?

- É consciente o Goberno galego de que situacións como a actual poñer en serio risco a vida das tripulacións dos helicópteros e a das xentes do mar a quen vai dirixido fundamentalmente o Servizo de Gardacostas de Galiza?

- Que melloras considera a Xunta de Galiza que supuxo a privatización do Servizo?

- Entra dentro das previsións da Xunta de Galiza recuperar para a xestión pública o Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

María do Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/10/2020 13:10:33

María do Carme González Iglesias na data 22/10/2020 13:10:37

Rosana Pérez Fernández na data 22/10/2020 13:10:47



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A crise xerada pola covid-19, ademais do trágico balance en saúde e vidas, ten un impacto profundo na actividade económica. Neste ámbito, o impacto ten sido xeneralizado, pero ao mesmo tempo asimétrico en intensidade e duración. Sen dúbida, os sectores económicos máis afectados pola pandemia, como consecuencia das medidas impostas para limitar a mobilidade e reducir os contactos, mesmamente en determinados concellos limitados unicamente a convivientes, son os vinculados a actividades gravemente alteradas directamente.

Durante o confinamento, moitas actividades suspendéronse directamente e sectores enteiros paralizáronse por completo. Na actual situación, complexísima e difícil, a recuperación está sendo moi irregular e namentres algúns sectores están recuperando certo nivel de ritmo anterior, outros sectores seguen sendo prexudicados polos cambios de hábitos, os recortes xurídicos e as medidas preventivas adoptadas pola cidadanía.

Sen dúbida, o epicentro do impacto económico se atopa, nestes momentos, nos sectores relacionados co ocio, nas reunións sociais e na mobilidade, especialmente na hostalaría, no turismo e na actividade do comercio minorista.

Hostalaría, bares e restaurantes sofren unha situación insostible en termos de rendibilidade e supervivencia. En consecuencia, os peches e acumulación de débeda e perdas xeneralizáronse na practica totalidade dos negocios destes sectores.

Dende o inicio da crise, a actitude do Goberno galego ten sido a ausencia sistemática. Axudas escasas dende o Igape, mal formuladas e mal executadas, e uns bonos para persoas autónomas, limitados e escaso impacto, foron as principais ferramentas empregadas.



Resulta evidente que cunha crise deste calibre (caída do PIB no segundo trimestre do 17,9 % e cunha previsión para final de 2020, no mellor dos casos, do 12,8 %) está claro que con esas limitadas ferramentas non se pode facer fronte a unha crise que supón a destrución de miles de postos de traballo. En Galicia, no ano 2019, case 70 mil persoas dependían do sector da hostalería, un sector que aportaba a economía galega 4.700 millóns de euros, un do PIB.

Independentemente da evolución da pandemia nos próximos meses, a realidade é que o sector que aglutina a bares, cafeterías, restaurantes e demais, necesita dun plan específico de reactivación, un plan inmediato que evite o seu definitivo afundimento.

Diante desta situación excepcional o Goberno do Estado ten feito un esforzo descomunal para manter o conxunto da actividade económica (prestacións a persoas autónomas e ERTE). Outras administracións, concellos (pequenos e grandes) e deputacións provinciais teñen reprogramado as súas prioridades orzamentarias envorcando un importante volume de recursos na axuda ás persoas autónomas e pemes. Administracións que non solapan as responsabilidades da Xunta de Galicia neste ámbito, simplemente suplen a súa inacción.

A situación actual debuxa un panorama escuro diante do que non se coñece ningún plan de choque por parte do Goberno galego, a pesares de que a Xunta de Galicia ten capacidade orzamentaria para orientar axudas directas, a través da reprogramación de partidas, axilización de fondos europeos, a participación no Fondo Covid -19 de 16.000 millóns euros, ou mesmamente mediante utilización da marxe fiscal que permitirá a flexibilización da regras de gasto adoptada polo Ministerio de Hacienda e que permitirá a Xunta de Galicia dispoñer dunha capacidade de endebedamento vía déficit de aproximadamente 1.400 millóns de euros (2,2 % do PIB).

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas concretas de tipo económico vai adoptar o Goberno galego para facer fronte a crise máis grave que está a sufrir o sector da hostalaría en Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro do 2020





Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/10/2020 13:35:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/10/2020 13:35:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/10/2020 13:35:20

Martín Seco García na data 22/10/2020 13:35:28



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O sector cultural, que ata o de agora contribuía ao noso PIB en torno ao 2,5 % e que dá emprego a máis de 30.000 persoas, é un dos grandes prexudicados pola crise sanitaria da covid-19. O Consello da Cultura Galega publicou nestes últimos meses varios documentos de traballo nos que se demostra a súa “especial vulnerabilidade”. O seu Observatorio advirte de que o emprego cultural descendeu un 5,5 %, 2,3 puntos porcentuais máis que o conxunto do mercado laboral no mes de marzo.

Diante deste escenario, a Xunta de Galicia aprobou a finais de abril o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, con 50 medidas dedicadas ao sector cultural e cun horizonte de execución marcado para o 31 de decembro de 2020. Un plan, por certo, que non contou co beneplácito dos e das profesionais de todos os ámbitos da cultura en Galicia, que trasladaron a súa inqueda diante dun futuro incerto que pode supor a desaparición de moitas empresas e unha perda significativa de postos de traballo.

Á vista da situación sanitaria e da previsible continuidade da pandemia ata ben entrado o próximo ano, ao Grupo Parlamentario dos e das Socialistas de Galicia preocúpalle a falla de estratexia e planificación en materia cultural deste Goberno tendo conta que a pouco máis de dous meses nada se sabe dos plans do Goberno para este sector a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Por outra banda, cóstanos que tampouco comezaron cos contactos previos coas distintas asociacións profesionais para comezar a elaborar un plan que debe ser dialogado con elas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pór en marcha un novo plan específico de accións para reactivar o sector cultural no ano 2021?

2ª) Pensan os responsables da Consellería reunirse en datas próximas coas asociacións profesionais do sector para comezar a traballar nas accións a implementar en 2021?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 22/10/2020 12:46:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2020 12:46:40



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A atención sanitaria no Concello de Touro vén sendo especialmente abandonada pola Consellería de Sanidade, sen cobertura das ausencias dos profesionais e con parálise na busca de novos espazos necesarios que dean unha cobertura normalizada á veciñanza.

O Centro de Saúde de Touro carece das dimensións axeitadas para o cumprimento das distancias de separación esixidas por causa da crise covid-19. Deste xeito, non só a atención sanitaria na vila de Touro se realiza nun espazo mínimo e insuficiente senón que, a falla de espazos oportunos, a veciñanza ten que agardar na rúa a ser atendida, unha situación especialmente visible dende que comezou a campaña de vacinación da gripe o pasado 13 de outubro.

A estes usuarios e usuarias únense os que non son quen de fixar unha cita telefónica e que, por conseguinte, teñen que acudir de maneira presencial ao centro de saúde. Todo isto provoca diariamente colas de pacientes, a gran maioría persoas maiores, que teñen que agardar de pé, na rúa, soportando as inclemencias climatolóxicas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Touro está a ser satisfactoria?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia resolver os problemas de espazo no centro sanitario de Touro á maior brevidade?

3ª) Pode garantir a Xunta de Galicia o correcto funcionamento do servizo de atención telefónica no concello de Touro?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/10/2020 12:49:51

Julio Torrado Quintela na data 22/10/2020 12:50:07

Marina Ortega Otero na data 22/10/2020 12:50:19



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Fundada en 1998, a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) ten unha superficie de 100.000 metros cadrados, estruturada en dúas áreas divididas nun edificio de servizos, onde se desenvolve a maior parte da actividade dos congresos, e en 30.000 metros cadrados de pavillóns destinados a desenvolverse as feiras e espectáculos. A gran actividade de feiras e congresos é hoxe un xerador constante dun importante volume de negocio para Vigo e para Galicia.

Unha desas feiras nas que máis negocio se fai é Conxemar. Conxemar é a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos Pesqueiros e Acuícolas e consolídase como un instrumento fundamental de unión no sector conxelado no noso país. As 245 empresas asociadas as que representan suman unha facturación anual de 8.000 millóns de euros e máis de 15.000 empregos.

A Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados (Conxemar) é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo cunha superficie expositiva actual de 31.500 metros cadrados.

Con estes datos compre salientar a importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de ampliar as instalacións do Ifevi.

O padroado do Ifevi reunido o 10 de outubro de 2019 e presidido pola directora Xeral de Comercio en delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia adaptou por unanimidade o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.



En consecuencia unha vez redactados e supervisados o proxecto técnico de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recinto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado.”

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

A Xunta de Galicia debería implicarse neste importante obxectivo poñendo os medios técnicos e económicos para facer posible esta ampliación do Ifevi no 2021.

O Grupo Parlamentario Socialista reitera o interese público de ampliar o Ifevi e a urxencia da execución dun proxecto que ten que estar rematado no 2021 para permitir que a feira de Conxemar conte con máis espazo na próxima edición.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia dotar orzamentariamente no exercicio 2021 a partida necesaria para a ampliación do Ifevi e así realizar con éxito unha das maiores feiras do noso país?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Isaura Abelairas Rodríguez
Martín Seco García
Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/10/2020 13:57:09

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 22/10/2020 13:57:16

Martín Seco García na data 22/10/2020 13:57:24

Julio Torrado Quintela na data 22/10/2020 13:57:37

Patricia Otero Rodríguez na data 22/10/2020 13:57:46



A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento e José Luis Ferro Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O municipio de Ribadeo, e máis concretamente o barrio da Ponte, na parroquia de Arante, conta cunha das xoias máis destacadas do patrimonio relixioso de Galicia: o Santuario da Nosa Señora das Virtudes.

A orixe deste templo data de finais do século XIV, aínda que foi reformado nos séculos posteriores. Atópase ao carón do Camiño Norte de Santiago, antigo Camiño Real. Trátase dun santuario moi venerado e visitado polos fieis.

Esta igrexa conserva un rico patrimonio en pinturas murais tardo-medievais que, na década de 1970 quedaron expostas, tras moitos anos cubertas por cal. A ornamentación pictórica levouse a cabo mediante a técnica do fresco.

De feito, na ábsida da capela localízanse, no muro sur, varias escenas da infancia de Cristo: a matanza dos inocentes, a fuxida a Exipto.... Na parte interna da pilastra que sostén o arco triunfal, polo lado sur, un home rico. Fronte á figura da riqueza, na pilastra do muro norte, un esqueleto, parece representar a Morte viva. No muro norte aparece tamén un trío mariano, Asunción, Coroación de María e o Descendemento.

Por último destacar as pinturas que hai no muro sur que fan alusión ao mar e nas que se reflexa un naufraxio elaborado a modo de exvoto (ofrenda de agradecemento pola supervivencia da tripulación dun navío que navegaba ás Indias e que se atribuíu á intercesión da virxe) que data do 1606. Varios expertos avalan o destacadísimo valor do que se considera o único mural sobre temas do mar do século XVII en Galicia.

Ademais, esta igrexa é un dos espazos máis importantes nos que teñen lugar os actos relixiosos vinculados á romaría das Cruces, declarada en 2019 festa de interese turístico de Galicia e que ten lugar a finais de maio, sete semanas despois da Semana Santa.

Xentes con cruces en pendóns procedente das parroquias ribadenses de Ove, Covelas, Cedofeita e Arante e das de Sante, A Balboa e Vidal (Trabada) ondean os pendóns conmemorando a victoria inicial das xentes do lugar contra as tropas napoleónicas do xeneral francés M. François Fournier durante a Guerra da Independencia.



A Xunta de Galicia liderou en varias ocasións (a última o ano pasado) diversas intervencións puntuais dirixidas á protección e salvagarda das pinturas do santuario ou a conversación do templo. Con todo, é preciso unha actuación máis ampla que garanta o correcto estado de conservación deste rico patrimonio e o seu goce polas xeracións futuras.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que consistiron as intervencións puntuais promovidas pola Xunta de Galicia no Santuario da Nosa Señora das Virtudes na parroquia de Arante no concello de Ribadeo, nos últimos anos?
- 2.- Que outras actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galicia para a mellor conservación deste rico patrimonio que representa o Santuario da Nosa Señora das Virtudes?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2020 13:53:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/10/2020 13:53:22

Martín Fernández Prado na data 22/10/2020 13:54:08

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/10/2020 13:54:34

Teresa Egerique Mosquera na data 22/10/2020 13:55:01

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/10/2020 13:55:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/10/2020 13:55:37

José Luis Ferro Iglesias na data 22/10/2020 13:56:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A Xunta de Galicia traballa co obxectivo de contribuír á reactivación económica tras a pandemia e, con esta finalidade, busca apoiar diversos proxectos tractores, estratéxicos desde o punto de vista do emprego e nos que ten unha especial relevancia o medio rural. Son ademais algunha das apostas de Galicia co obxectivo de captar máis fondos no novo marco financeiro 2021-2027 da Unión Europea.

Un deles consistirá na implantación dun Centro para o impulso da economía circular, o obxectivo é asegurar este principio na xestión de residuos para a súa transformación e valorización en produtos de máxima calidade.

O funcionamento da planta busca crear unha rede para tratar e valorizar os xurros das granxas, plásticos, residuos industriais orgánicos, lixo mariño e residuos téxtiles para procesalos e convertelos e obter como produtos finais biogás e fertilizantes de máxima calidade, que volvería ter como principal destinatario o sector primario galego.

Dos residuos plásticos e téxtiles tamén se obtería material reciclado que se incorporaría, xa como materia prima, a outros procesos industriais.

A Xunta tamén prevé construír unha planta de xeración de hidróxeno verde, considerado o combustible do futuro, debido a que é case inesgotable e non xera gases contaminantes.

O centro tratará arredor de 2 millóns de toneladas de residuos ao ano, entre xurros, residuos industriais, plásticos e residuos téxtiles e lixo mariño.

De levarse adiante o novo centro permitiría cumprir o obxectivo de chegar ao 2030 co 100 % de xeración de enerxías renovables.

En relación con esta cuestión, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 1.- Que beneficios suporá para os gandeiros un Centro para o impulso da economía circular, destas características?
- 2.- Que previsións existen respecto deste proxecto en relación có investimento e a xeración de emprego?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 22/10/2020 14:00:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/10/2020 14:01:01

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2020 14:01:10

José Antonio Armada Pérez na data 22/10/2020 14:01:29

Ramón Carballo Páez na data 22/10/2020 14:01:48

José Manuel Cores Tourís na data 22/10/2020 14:02:09

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2020 14:02:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Na data 24 de setembro do 2020, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, publicaba un texto do proxecto de Real Decreto polo que se establecen as normas para a nutrición de solos agrarios.

Este texto legal pretende constituírse como a normativa básica para mellorar as propiedades biolóxicas dos chans agrarios, evitar a acumulación de metais pesados e outros contaminantes nos mesmos e preservar a súa biodiversidade.

Ademais, baixo o pretexto de servir de marco ás boas prácticas agrícolas introduce unha serie de condicionantes de índole burocrático, dificilmente compatible co desenvolvemento normal da actividade agraria.

Tamén se regula a achega de metais pesados, limitando a súa presenza nos chans agrarios por razóns de saúde humana e de fertilidade e, por último, inclúense tamén determinadas disposicións relativas aos produtores de fertilizantes.

Esta norma una vez aprobada, a ninguén se lle escapa terá unha enorme transcendencia para o nosos gandeiros.

Antes esta situación, os deputados asinantes, trasladamos a Consellería de Medio Rural a seguinte pregunta:

Esta a facer a Consellería do Medio Rural un estudo do proxecto de Real Decreto polo que se establecen as normas para a nutrición de solos agrarios para a presentación de posibles alegacións si se entende que o contido do mesmo manifesta aspectos mellorables ou incluso perxudiciais para o noso sector primario?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 22/10/2020 14:05:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/10/2020 14:06:00

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2020 14:06:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 22/10/2020 14:06:28

Ramón Carballo Páez na data 22/10/2020 14:06:53

José Manuel Cores Tourís na data 22/10/2020 14:07:28

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2020 14:07:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No ano 2015, o Congreso de Nacións Unidas aprobou os Obxectivos 2030, unha folla de ruta que tiña como destino dar os pasos necesarios para conseguir un mundo máis xusto e sostible dende un punto de vista social, económico e ambiental, a través do impulso das iniciativas e políticas máis idóneas.

En cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia no ano 2018, elaborou un informe sobre o cumprimento dos mesmos.

Un ano despois, no mes de xaneiro de 2019, dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, constituíuse un organismo interdepartamental, composto por 30 representantes das distintas áreas do Goberno galego, co obxectivo de facer un seguimento da Axenda 2030.

O Decreto 142/2019 do 31 de outubro, crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

Entre as principais funcións da Comisión está a busca de iniciativas e planes existentes nos ámbitos sinalados polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), propoñer novas accións a desenvolver e facer un informe de seguimento sobre o seu grado de cumprimento.

Fai uns días publicábase un Informe elaborado polo Observatorio de Sostibilidade e a consultora AIS Group nas 17 comunidades autónomas, que avaliaba de forma comparativa a avaliación sostible por comunidade autónoma.

Entre outras consideracións do informe é necesario subliñar que no capítulo de melloras, destaca especialmente o obxectivo correspondente á protección dos ecosistemas terrestres e a diversidade biolóxica. E o vinculado á promoción da xustiza e aspectos como a loita contra a corrupción. En ambos obxectivos, Galicia está “á cola” das rexións españolas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que consideración lle merecen ao Goberno galego os malos resultados de Galicia no que se refire a loita contra a corrupción?
2. Que consideración lle merecen a Xunta de Galicia os malos resultados de Galicia no que se refire á protección dos ecosistemas terrestres e a diversidade biolóxica?
3. Ata a data que actuacións se levaron a cabo polo organismo interdepartamental encargado do seguimento dos obxectivos 2030?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/10/2020 16:13:55

Pablo Arangüena Fernández na data 22/10/2020 16:14:32

Patricia Otero Rodríguez na data 22/10/2020 16:14:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2020 16:14:55



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano unha liña de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, en concreto en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.

Nas edicións anteriores a este ano, as modalidades de axuda eran:

- a) Creación dun servizo lingüístico.
- b) Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico.
- c) Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico.

Na convocatoria deste ano 2020 excluiron do obxecto das axudas a creación de servizos lingüísticos e o desenvolvemento de dinamización lingüística alí onde non existe servizo propio, deixando só a modalidade b) de mantemento e reforzamento.

Por outra banda, a convocatoria de anos anteriores fixaba un orzamento dunha contía inicial máxima de 245.000 euros, mentres que a correspondente a este ano minórase a un máximo de 100.000 euros.

A Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua (CTNL) realizara xa en 2010 un informe crítico con estas axudas que debullaba con detalle cada unha das eivas desta convocatoria. Entre outras moitas cuestións, sinalaban que era insuficiente orzamentariamente -nese ano a contía superaba os 300.000 euros- e que esixía uns requisitos e prazos difíciles de cumprir. Dez anos despois, ese informe segue vixente porque nada mudou ou mesmo empeorou.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cal foi a razón de suprimir da convocatoria de axudas a modalidade referida á creación de servizos lingüísticos?

2ª) Cantos concellos galegos, ou agrupamentos de concellos, contan con servizos lingüísticos?

3ª) Contéplase algún tipo de axudas para a creación de servizos lingüísticos fóra desta convocatoria?

4ª) Por que se diminuíu en 2020 de 245.000 euros a 100.000 o orzamento destas subvencións?

5ª) Pensa a Xunta de Galicia que estas axudas están a conseguir o obxectivo para o que foron creados?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/10/2020 16:49:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2020 16:50:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á ampliación Polígono Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Polígono Industrial de Carballo é un dos polígonos de Galiza con maior actividade e crecemento nos últimos anos, grazas, por un lado, ao imprescindible pulo empresarial e tamén á relevancia que está a adquirir o eixo industrial que constitúen, de facto, os polígonos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

Pola súa ubicación, o Polígono de Carballo, e a pesar de estar pendente a execución da circunvalación de Carballo (que eliminaría o tráfico pesado de zonas moi sensíbeis do pobo e facilitaría a saída cara a Santiago e sur de Galiza) é o lugar elixido por numerosas empresas para implantar a súa actividade, coa importancia que isto ten para a xeración de emprego e para a economía, non só do Concello de Carballo, senon de toda a comarca de Bergantiños e de A Costa da Morte.

Na actualidade, a posibilidade de crecemento e, polo tanto, de seguir a crear sinerxias positivas dende o punto de vista do emprego e a economía, estase vendo lastrado pola escaseza de parcelas nese polígono.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A data de hoxe, máis do 85% das parcelas do polígono xa están ocupadas, e nese menos do 15% restante teñen un tamaño reducido, que imposibilita asentarse a empresas de mediano e grande tamaño. O cal é un problema para o desexable crecemento dun polígono que debe actuar, e actúa, coma motor económico da zona.

Existen ademais dúas zonas do Polígono (Sector A e B), que están incluídos no PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA (PSOATEG) xa do 2014, que permitirían aumentar a superficie do polígono en máis de 500.000 m cadrados; Xestur ten adquirido grande parte dese solo susceptíbel de ampliación. Existe, ademais, unha importante demanda de solo para instalarse por parte de medianas e grandes empresas, tal e como nos transmiten dende a propia directiva e xerencia do polígono.

Polo que a ampliación do polígono depende xa da vontade política, que non admite máis demora atendendo á situación actual de necesidade de posta a disposición de solo empresarial na previsíbel crise que se aveciña, e tamén á importancia de facilitar o asentamento de novas empresas no Polígono de Bértoa, que permita continuar co seu natural crecemento e a inherente xeración de emprego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

Ten previsto a Xunta acometer a ampliación do Polígono de Bértoa en Carballo, solicitada pola propia directiva e xerencia en repetidas ocasións?

Cal é a razón pola cal a Xunta non atendeu a día de hoxe a reiterada demanda da propia directiva e a xerencia do Polígono de Bértoa de ampliar este?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta que a ampliación do Polígono de Bértoa é unha prioridade para a dinamización económica e a creación de emprego na comarca de Bergantiños e na Costa da Morte?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/10/2020 16:50:17

María do Carme González Iglesias na data 22/10/2020 16:50:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/10/2020 16:50:26

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2020 16:50:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, María do Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a contaminación no río e marisma do Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Ecoloxista Adegas e outros colectivos ecoloxistas levan anos denunciando a gravísima situación do conxunto do Parque Natural das Fragas do Eume e do río Eume, en particular pola súa contaminación debido aos lodos procedentes de Endesa, no encoro de A Capela.

O pasado día 5 de outubro, a policía local do concello de Pontedeume alertou ao organismo Augas de Galiza da enésima vertedura no río Eume, que afectaba dende a zona da desembocadura ata máis alá de Caaveiro.

E foi ese organismo quen, á súa vez, declarou o estado de emerxencia o día 14, por mor do episodio de contaminación do río onde se detectou a finais de setembro unha turbidez que levou ao concello de Pontedeume a prohibir o consumo de auga da traída o día 10. Tamén constituíu unha Comisión onde están presentes as distintas partes relacionadas ou afectadas pola contaminación do Eume, sen que nos conste a presenza da Consellaría do Mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ata o momento, as asociacións e colectivos ecoloxistas, os veciños e veciñas da zona, os mariñeiros e mariscadores e mariscadoras da ría de Ares e os concellos da comarca seguiron con moita preocupación os acontecementos, e mesmo o concello de Cabanas solicitou publicamente unha investigación do ocorrido que permita depurar posíbeis responsabilidades.

Máis alá doutras consideracións de tipo técnico, medioambiental ou sanitario, que neste caso corresponden ao ámbito das Consellarías de Medio Ambiente, de Sanidade e de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galiza, chama a atención o feito de que a Consellaría do Mar aínda non se pronunciase, nin no referido á avaliación nin no relativo á afectación desta vertedura aos bancos marisqueiros da marisma do Eume, tanto nestes momentos para vixiar a evolución dos bancos coma no futuro debido ao impacto que podan ter os lodos en suspensión e o pouso dos sedimentos das verteduras que, segundo a Asociación Ecoloxista ADEGA, conteñen sedimentos moi tóxicos procedentes de substancias altamente contaminantes que se permitían na minería hai anos.

Despois de máis de 15 días con turbidez no río Eume e despois das declaracións do propio patrón maior da confraría de Pontedeume, da que viven arredor de 70 familias, amosando a súa grande preocupación pola vertedura ao río e polas consecuencias para o marisqueo, dende a Consellaría do Mar non houbo aínda nin resposta nin ningún tipo de consideración sobre o ocorrido.

É evidente que os danos causados por Endesa no Parque Natural e no río Eume están danando aos distintos sectores económicos, produtivos e turísticos e que, máis alá dos titulares apostando pola xente do mar, a Consellaría do Mar debería reaccionar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Considera o Goberno galego que a recente vertedura ao río Eume e a contaminación das súas augas poden ter afectación nos bancos marisqueiros da ría tanto nestes momentos coma no futuro? En que se basea?

- Levou, ou está a levar a cabo, a Xunta de Galiza algún tipo de análise, avaliación e/ou estudo sobre esa cuestión? E nomeadamente a Consellaría do Mar?

- É coñecedora a Xunta de Galiza da presenza ou non da Consellaría do Mar na Comisión promovida por Augas de Galiza por mor da contaminación do río Eume? Mantivo a Consellaría do Mar algún contacto co sector do mar nesa zona dende finais de setembro, algunha reunión, proporcionoulle algunha información no tempo transcorrido ata hoxe?

- Considera o Goberno galego que a implicación da Consellaría do Mar neste caso é a suficiente? Por que razón/s?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
María do Carme González Iglesias
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 22/10/2020 17:36:46

María do Carme González Iglesias na data 22/10/2020 17:36:58

Rosana Pérez Fernández na data 22/10/2020 17:37:08

Daniel Castro García na data 22/10/2020 17:37:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a retirada dos documentos con números de rexistro **3013** e **3014** por un erro material.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/10/2020 11:46:03

María del Carmen Aira Díaz na data 22/10/2020 11:46:08

María González Albert na data 22/10/2020 11:46:21





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

